



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 2 de abril de 2020

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove e quince minutos do día dous de abril de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(211).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións extraordinaria e urxente do 24 e ordinaria do 26 de marzo de 2020. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(212).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL MESTRES GOLDAR-CASTRELOS. EXPTE. 16774/332.

Visto o informe xurídico do 27/03/2020 e o informe de fiscalización do 30/03/2020, dáse conta do informe-proposta de data 27/03/2020, asinado pola xefa do Servizo

de Educación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 15 de marzo de 2016, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar a Colegio Los Milagros SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión parcial da escola infantil municipal de Mestres Goldar - Castrelos (expte 16774-332), de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prego de condicións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 10/04/2015 e a ofertas presentadas.

No prego de cláusulas administrativas fíxase unha duración do contrato de catro anos (periodo 08/04/2016 - 07/04/2020) e estableceuse a posibilidade de prorrogar o mesmo por un máximo de dous anos, en prórrogas anuais.

2.- Mediante escrito de data 23 de xaneiro de 2020, don José Luís Rey Parente como representante da entidade Colegio Los Milagros, manifesta a vontade e interese da empresa adxudicataria de acollerse a unha prórroga do contrato por unha anualidade.

3.- A prestación do servizo de xestión da escola infantil municipal de Mestres Goldar - Castrelos por parte da empresa actualmente adxudicataria (Colegio Los Milagros SL) estase a realizar a plena satisfacción deste servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta, e a un prezo competitivo. Polo tanto, dende o servizo municipal de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a concreción da continuidade do servizo mediante a materialización da primeira prórroga de un ano contemplada no correspondente PCAP.

4.- Por outra banda, a Xunta de Goberno Local na súa sesión do 12 de marzo de 2020, adoptou o acordo de aprobar a correspondente revisión de prezos neste contrato, de xeito que o novo prezo anual do contrato é de 178.607,72€, co que o novo prezo mensual será de 16.237,07€.

5.- Motivar a procedencia deste acordo conforme ao disposto na Disposición Adicional 3. do Real Decreto 463/2020, do 17 de marzo, pola que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (modificada polo Real Decreto 465/2020, do 18 de marzo) por canto, de conformidade co disposto no art.34 do Real Decreto-ley 8/2020, medidas extraordinarias fronte ao impacto económico e social, o contrato unicamente está suspendido (non resolto), polo que cando cese o estado de alarma o mantemento de actividade desta escola infantil resulta indispensable para o funcionamento básico deste servizo de atención aos nenos e as familias. É cuestión de interese xeral a prestación deste servizo xa que as Escolas Infantís Municipais (EIM) son centros de titularidade municipal, que escolarizan a nenos/as de 0 a 3 anos empadroados no termo municipal, a través dos cales o Concello de Vigo ofrece aos cidadáns un servizo educativo para a primeira infancia desde unha dobre vertente:

- **educativa**, entendida como unha prestación que nace do dereito do neno/a á educación e ao desenvolvemento integral da súa personalidade (físico, afectivo, intelectual, moral e social), nun ambiente axeitado ás súas necesidades e en contacto con outros nenos.



Concello de Vigo

- **asistencial**, xa que ao mesmo tempo pretende ofrecer un servizo de carácter social ás familias traballadoras do municipio, mediante horarios que permitan a correcta conciliación da vida familiar e laboral.

Este último aspecto pode resultar capital no momento no que se restableza a normalidade no ámbito laboral, que requira a necesaria incorporación á vida laboral dos proxenitores, pois a ausencia de oferta destes dispositivos conlevaría en moitísimos casos a imposibilidade da referida conciliación

6.- Consta no expediente a declaración do representante da entidade Colegio Los Milagros, S.L. de conformidade de non suspensión dos prazos de tramitación do presente expediente de acordo coa Disposición Adicional 3. 3 do antes citado Real Decreto 463/2020, do 17 de marzo, (doc. núm.W426068)

Á vista das anteriores consideracións, propónse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral e Asesoría Xurídica, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Acordar a continuidade do procedemento de prórroga do contrato para a xestión da Escola Infantil Municipal Mestres Goldar - Castrelos (expte 16774-332) de conformidade coa motivación expresada na proposta.

2º.- Autorizar a **prórroga do contrato** para a xestión da **Escola Infantil Municipal Mestres Goldar - Castrelos** (expte 16774-332) para o periodo comprendido entre o **08/04/2020** e o **07/04/2021**, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

3º.- Autorizar e comprometer o importe da correspondente prórroga (178.607,72€) a favor de Colegio Los Milagros SL (EIM Mestres Goldar-Castrelos, expte 16.774/332). A súa distribución anual será a seguinte:

Ano 2020 (08/04/2020-31/12/2020):

126.108,01 €, que se imputarán á partida 3230.227.99.14 (Escola infantil municipal Mestres Goldar-Castrelos), e bolsa de vinculación.

Ano 2021 (01/01/2021-07/04/2021):

52.499,71 €, que se imputarán á partida 3230.227.99.14 (Escola infantil municipal Mestres Goldar-Castrelos), e bolsa de vinculación.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(213).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE NAVIA. EXPTE. EXPTE. 17043/332.

Visto o informe xurídico do 27/03/2020 e o informe de fiscalización do 30/03/2020, dáse conta do informe-proposta de data 27/03/2020, asinado pola xefa do Servizo

de Educación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.-A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 15 de marzo de 2016, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar a Colegio Los Milagros SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión parcial da escola infantil municipal de Navia (expte 17043-332), de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prego de condicións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015 e a ofertas presentadas.

No prego de cláusulas administrativas fíxase unha duración do contrato de catro anos (periodo 08/04/2016 – 07/04/2020) e establececese a posibilidade de prorrogar o mesmo por un máximo de dous anos, en prórrogas anuais.

2.-Mediante escrito de data 23 de xaneiro de 2020, don José Luís Rey Parente como representante da entidade Colegio Los Milagros, manifesta a vontade e interese da empresa adxudicataria de acollerse a unha prórroga do contrato por unha anualidade.

3.-A prestación do servizo de xestión da Escola infantil municipal de Navia por parte da empresa actualmente adxudicataria (Colegio Los Milagros SL) estase a realizar a plena satisfacción deste servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta, e a un prezo competitivo. Polo tanto, dende o servizo municipal de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a concreción da continuidade do servizo mediante a materialización da primeira prórroga de un ano contemplada no correspondente PCAP.

4.-- Motivar a procedencia deste acordo conforme ao disposto na Disposición Adicional 3. do Real Decreto 463/2020, do 17 de marzo, pola que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (modificada polo Real Decreto 465/2020, do 18 de marzo) por canto, de conformidade co disposto no art.34 do Real Decreto-ley 8/2020, medidas extraordinarias fronte ao impacto económico e social, o contrato unicamente está suspendido (non resolto), polo que cando cese o estado de alarma o mantemento de actividade desta escola infantil resulta indispensable para o funcionamento básico deste servizo de atención aos nenos e as familias. É cuestión de interese xeral a prestación deste servizo xa que as Escolas Infantís Municipais (EIM) son centros de titularidade municipal, que escolarizan a nenos/as de 0 a 3 anos empadroados no termo municipal, a través dos cales o Concello de Vigo ofrece aos cidadáns un servizo educativo para a primeira infancia desde unha dobre vertente:

- **educativa**, entendida como unha prestación que nace do dereito do neno/a á educación e ao desenvolvemento integral da súa personalidade (físico, afectivo, intelectual, moral e social), nun ambiente axeitado ás súas necesidades e en contacto con outros nenos.

- **asistencial**, xa que ao mesmo tempo pretende ofrecer un servizo de carácter social ás familias traballadoras do municipio, mediante horarios que permitan a correcta conciliación da vida familiar e laboral.



Concello de Vigo

Este último aspecto pode resultar capital no momento no que se restableza a normalidade no ámbito laboral, que requira a necesaria incorporación á vida laboral dos proxenitores, pois a ausencia de oferta destes dispositivos conlevaría en moitísimos casos a imposibilidade da referida conciliación

5.- Consta no expediente a declaración do representante da entidade Colegio Los Milagros, S.L. de conformidade de non suspensión dos prazos de tramitación do presente expediente de acordo coa Disposición Adicional 3. 3 do antes citado Real Decreto 463/2020, do 17 de marzo, (doc. núm.W426067-3147)

Á vista das anteriores consideracións, propónse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral e Asesoría Xurídica, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Acordar a continuidade **do** procedemento de prórroga do contrato para a xestión da Escola infantil municipal de Navia (expte 17043-332) de conformidade coa motivación expresada na proposta.

2º.- Autorizar a **prórroga do contrato** para a xestión da **Escola Infantil Municipal de Navia** (expte 17043-332) para o periodo comprendido entre o **08/04/2020** e o **07/04/2021**, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

3º.- Autorizar e comprometer o importe da correspondente prórroga (166.260,00€) a favor de Colegio Los Milagros SL (EIM Navia, expte 17.043/332). A súa distribución anual será a seguinte:

Ano 2020 (08/04/2020-31/12/2020):

117.389,65 €, que se imputarán á partida 3230.227.99.05 (Escola infantil municipal de Navia), e bolsa de vinculación.

Ano 2021 (01/01/2021-07/04/2021):

48.870,35 €, que se imputarán á partida 3230.227.99.05 (Escola infantil municipal de Navia), e bolsa de vinculación.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(214).- NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE ATENCIÓN DOMICILIARIA DA INFANCIA. EXPTE. 9919/224.

Dáse conta do informe-proposta do 30/03/2020, asinado pola axente de Igualdade de Oportunidades, a xefa do Servizo de Igualdade, a asesora xurídica de dito Servizo e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

I. FUNDAMENTO NORMATIVO E COMPETENCIAS MUNICIPAIS

- A **Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes**, imponse aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. No seu artigo 21, imponse ás Entidades Locais o deber de integrar o dereito de igualdade no exercicio das súas competencias e colaborar, a tal efecto, co resto das Administracións públicas.

- **Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade** sinala, no artigo 5, a conciliación como criterio xeral de actuación no ámbito da transversalidade nas políticas públicas, e no seu artigo 95, a promoción autonómica das medidas municipais de conciliación.

- A **Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia**, estrutura e planifica o sistema galego de servizos sociais, e define no artigo 18 o catálogo de servizos sociais dun xeito xenérico como un conxunto de intervencións, programas, servizos e prestacións.

- O **Decreto 192/2015, do 29 de outubro, polo que se define a Carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia**, que desenvolve a Lei 13/2008 no que respecta ao catálogo de servizos, incorpora un servizo específico en materia de conciliación: 1.3 *Servizo de conciliación da vida persoal, familiar e laboral*, no que se contempla entre as súas modalidades a de 1.3.3 *atención á infancia no domicilio*. O decreto enmarca este servizo nos servizos sociais comunitarios específicos, con carácter normalizador.

- O Servizo Municipal de Atención Domiciliaria da Infancia é un servizo que facilita a conciliación da vida familiar, persoal e laboral da mulleres, e como tal, a Xunta de Galicia por **Resolución de data 15/11/2010**, valida este recurso como medida municipal de conciliación de promoción autonómica ao abeiro do disposto no **Decreto 182/2008, do 31 de xullo, pola que se establece a promoción autonómica das medidas municipais de conciliación** e se determinan os requisitos para a súa validación e funcionamento, que desenvolve o Título VI da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia. Mediante esa mesma Resolución, a Xunta de Galicia procede a anotar este recurso municipal no catálogo público de medidas municipais de conciliación de promoción autonómica.

- O obxectivo específico 2.3 do **Plan Estratéxico de Galicia** para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020, consiste en *reforzar os recursos que facilitan a conciliación da vida laboral, persoal e familiar*. En concreto: 2.2.3.4 *Apoio á conciliación para as mulleres desempregadas en busca activa de emprego e/ou que participan en accións formativas*. 2.2.3.6 *Estímulo ao desenvolvemento desde as entidades locais de programas e medidas que favorezan a conciliación*.

- O **IV Plan de Igualdade do Concello de Vigo**, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal o día 25 de novembro de 2009 e vixente na actualidade por acordo da Xuntade Goberno Local do día 25 de xaneiro de 2013, contempla entre os seus obxectivos específicos: 2.B. *Potenciar a creación e ampliación de recursos e servizos que impulsen e faciliten a conciliación da vida familiar, persoal e laboral de mulleres e homes*.

- A normativa de réxime local (art. 25.1 da **Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local**– LRBRL e art. 80.1 da **Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia** – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no



Concello de Vigo

ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

A LRBRL establece, entre outras, as seguintes competencias dos concellos:

- *a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social*; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro).
- *actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero*, artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto.

- A **Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes** derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG no 102, do 30.05.2014), considera que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.). Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1a e 4a L.5/2014).

- As **Resolucións da Alcaldía dos días 18 e 26 de xuño de 2019, e Acordos da Xunta de Goberno Local de datas 20 de xuño de 2019, 4 de xullo de 2019 e 5 de setembro de 2019**, delega, entre outras, as seguintes competencias na Concellería de Igualdade: *dirixir e coordinar os servizos e programas adscritos á Concellería de Igualdade: Oficina de Igualdade, Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, Rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero, Casa das Mulleres, Centro de Documentación e Recursos Feministas, Servizo de Atención Domiciliaria á Infancia e Observatorio Municipal de Xénero; Impulsar e apoiar medidas e servizos na procura da conciliación da vida persoal, laboral e familiar; Detección de discriminacións directas e indirectas, impulsando e desenvolvendo accións positivas e medidas, tanto preventivas como integradoras, tendentes a eliminar as situacións de desigualdade e desvantaxe social para as mulleres en todos os ámbitos, especialmente as que se atopan en situación de vulnerabilidade social.*

II. O «SERVIZO MUNICIPAL DE ATENCIÓN DOMICILIARIA DA INFANCIA»

II.1. O Servizo Municipal de Atención Domiciliaria da Infancia (SADI) é un recurso específico da Concellería de Igualdade do Concello de Vigo que propicia a atención e o coidado dos

fillos e das fillas menores de doce anos para as nais que carezan de recursos económicos suficientes ou de apoio familiar. O dito servizo ten como fin potenciar e favorecer a formación e o acceso ao mundo laboral das mulleres da nosa cidade, evitando así que ter ao seu coidado fillos e fillas impida e/ou dificulte a desexable independencia económica das mulleres así como a súa participación social e laboral en igualdade de condicións.

Este servizo ofrece o coidado temporal das nenas e dos nenos que quedarían sós en ausencia da súa nai, ou persoas responsables, sempre que non se poidan utilizar outros recursos axeitados, ou durante o tempo preciso para acceder a eles. A coidadora infantil é a persoa responsable do coidado e do benestar da/o menor durante o tempo que dura a prestación do servizo.

Pretende dar cobertura a necesidades sociais detectadas e ofrece atención a mulleres que se atopan en especial situación de vulnerabilidade social, tendo, entre outros propósitos, o de corrixir procesos de exclusión social e promover procesos de inclusión e de participación social.

II.2. Na actualidade, estase a tramitar un expediente de licitación que permita realizar un contrato maior para a xestión do Servizo Municipal de Atención Domiciliaria da Infancia. A Lei 9/2017 de contratos do sector público, no seu artigo 312, establece que, antes de proceder á contratación dun servizo que supoña prestacións directas a favor da cidadanía, deberá *haberse establecido su régimen jurídico, que declare expresamente que la actividad de que se trata queda asumida por la Administración respectiva como propia de la misma, determine el alcance de las prestaciones en favor de los administrados, y regule los aspectos de carácter jurídico, económico y administrativo relativos a la prestación del servicio.*

II.3. Co fin de establecer este réxime xurídico que determine os aspectos esenciais da prestación do Servizo Municipal de Atención Domiciliaria da Infancia, o Servizo de Igualdade elaborou unhas normas básicas de funcionamento onde se recollen: as características e obxectivos do servizo, requisitos das persoas usuarias e condicións de acceso, os dereitos e deberes destas, así como cuestións relacionadas co seu funcionamento e organización.

II.4. Vista a declaración de estado de alarma efectuada polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, (prorrogado polo R.D 476/2020 do 27 de marzo) e modificado polo R.D 465/2020 , ante a suspensión de prazos prevista na súa Disposición adicional terceira e as excepcións establecidas para as entidades do sector público, **este órgano xestor motiva a continuación deste procedemento por considerar que é de interese xeral e para velar pola continuidade do funcionamento básico deste servizo.** Asemade, faise constar que este expediente non require compromiso de crédito por parte da administración municipal, nin establece acordo de prazos nas normas reflectidas no anexo que se propoñen para a súa aprobación.

II.5. A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para aprobar este programa e as súas normas de funcionamento, conforme o previsto no apartado 1.1.3 da Resolución da Alcaldía-Presidencia do 18.06.2019, de delegacións na XGL (aprobación de calquera programa, plan, proxecto, campaña, etc. de competencia municipal), posto en relación co art. 127 da LRBRL.



Concello de Vigo

III. PROPOSTA DE ACORDO

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Primeiro.- Acordar a continuación da tramitación do presente procedemento administrativo de – Aprobación das normas de funcionamento do servizo municipal de atención domiciliaria á infancia (expte 9919-224) – ao abeiro do establecido na Disposición adicional terceira do R.D 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (prorrogado polo R.D 476/2020 do 27 de marzo), modificado polo Decreto 465/2020, ao ter por obxecto este procedemento entre outros, o de ser preciso para o interese xeral e para a continuidade do funcionamento básico dos servizos públicos.

Segundo.- Aprobación das Normas de Funcionamento do Servizo Municipal de Atención Domiciliaria da Infancia elaboradas polo Servizo de Igualdade do Concello de Vigo, transcritas no Anexo. Os servizos incluídos neste Programa serán prestados a través da entidade que resulte adxudicataria na licitación correspondente.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE ATENCIÓN DOMICILIARIA DA INFANCIA

CAPÍTULO I: CARACTERÍSTICAS E OBXECTIVOS DO SERVIZO

Artigo 1. Descrición e características xerais do servizo

O Servizo Municipal de Atención Domiciliaria da Infancia (SADI) é un recurso específico da Concellería de Igualdade do Concello de Vigo que propicia a atención e o coidado dos fillos e das fillas menores de doce anos para as nais que carezan de recursos económicos e/ou persoais suficientes. Ofrece o coidado temporal das nenas e dos nenos que quedarían sós en ausencia da súa nai, ou persoas responsables, sempre que non se poidan utilizar outros recursos axeitados, ou durante o tempo preciso para acceder a eles. A coidadora infantil é a persoa responsable do coidado e do benestar da/o menor durante o tempo que dura a prestación do servizo.

Trátase dun servizo que ten carácter temporal. Concédese por un período de tempo determinado, mentres duren as circunstancias que deron lugar a súa concesión, ou ben mentres a persoa beneficiaria accede a outro tipo de recursos de apoio estables no tempo, mediante recursos públicos (escolas infantís, servizos escolares, etc.), ou mediante recursos propios (apoios familiares, económicos, etc.).

Artigo 2. Finalidade

O servizo ten como fin potenciar e favorecer a formación e o acceso ao emprego remunerado das mulleres da nosa cidade, evitando así que ter ao seu coidado fillos e fillas impida e/ou dificulte a desexable independencia económica das mulleres así como a súa participación social e laboral en igualdade de condicións. Pretende dar cobertura a necesidades sociais detectadas e ofrece atención a mulleres que se atopan en especial situación de vulnerabilidade social, tendo, entre outros propósitos, o de corrixir procesos de exclusión social e promover procesos de inclusión e de participación social.

Artigo 3. Ámbito de intervención

O Servizo desenvolverase no ámbito municipal de Vigo.

Artigo 4. Obxectivos

O SADI ten como obxectivos:

- Contribuír á harmonización da vida laboral, profesional e persoal das mulleres, en especial das mulleres vítimas de violencia de xénero.
- Favorecer a incorporación das mulleres ao emprego.
- Fomentar a formación académica e/ou ocupacional das mulleres.
- Potenciar e facilitar a participación das mulleres nas actividades de asociacionismo: anpas, movemento veciñal, asociacións culturais...
- Acadar tempo propio e persoal específico para cada muller.

Artigo 5. Modalidades de prestación do servizo

a) Individual:

O servizo realízase con carácter xeral na casa da beneficiaria, desde a hora solicitada ata que a nai ou persoa responsable e autorizada de antemán por esta regrese. A coidadora tamén poderá desprazarse ata as escolas, actividades extraescolares ou outros servizos de apoio á conciliación, para levar e traer as e os menores.

b) Colectivo:

Co obxecto de favorecer a participación das mulleres en actividades socioculturais ou deportivas, o servizo municipal de Igualdade poderá valorar a concesión do servizo a través dun coidado colectivo dos e das menores, no centro onde as nais realicen algunha actividade. Para a realización do coidado colectivo o centro deberá dispor dun espazo habilitado, contando con material para entretemento, ademais a sala deberá reunir as condicións de seguridade e hixiene necesaria previstas na lexislación vixente para a atención das nenas e dos nenos segundo as súas idades.

Artigo 6. Lugar de prestación do servizo

Con carácter xeral, as tarefas e funcións obxecto do contrato desenvolveranse nos seguintes lugares:



Concello de Vigo

- Nas propias vivendas das usuarias.
- Distintos dispositivos ou recursos da cidade, tales como parques, centros escolares, ludotecas e bibliotecas, etc., no caso de que haxa que realizar acompañamentos.
- Os locais que as asociacións ou colectivos poñan a disposición das mulleres para a realización do servizo na modalidade de atención colectiva.

Artigo 7. Horario

Con carácter xeral, o servizo será como máximo de 4 horas diarias. Realizarase de forma ordinaria de luns a venres nun horario comprendido entre as 6.00 horas e as 22.00 horas.

Atendendo a casos concretos e a proposta da traballadora social do Centro de Información dos Dereitos da Muller (ou doutra profesional da Concellería de Igualdade en ausencia da traballadora social) conformada pola da xefa do servizo:

- Poderase ampliar o número de horas de prestación
- Poderase realizar o servizo se realice fóra do horario ordinario, e realizarse entre as 22.00 h e a 6.00 h e en fins de semana ou festivos.

CAPÍTULO II: PERSOAS USUARIAS

Artigo 8. Características das persoas usuarias:

As beneficiarias do Servizo Municipal de Atención Domiciliaria da Infancia serán as mulleres responsables de menores de doce anos que teñan necesidades de conciliación dos eidos laboral, familiar e persoal; dificultades para acceder a outros recursos normalizados (tanto públicos como recursos propios); e que reúnan os requisitos establecidos no artigo 9.

Considerarase como colectivo preferente para a concesión do servizo ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

Os nenos e as nenas beneficiarias do servizo serán, con carácter xeral, aqueles e aquelas que teñan unha idade inferior aos 12 anos (menores entre os 0 e os 11 anos), agás aqueles casos debidamente xustificados no informe que emita a traballadora social do Centro de Información dos Dereitos da Muller (CMIDM), conformado pola xefa do departamento.

Non terán a condición de beneficiarias/os as/os menores que, a causa dunha discapacidade, necesiten axuda profesional máis especializada. Nestes casos a traballadora social do CMIDM derivará a nai aos servizos sociais comunitarios para a procura do recurso apropiado.

Artigo 9. Requisitos de acceso

- Solicitar a prestación no Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, e achegar a documentación establecida no artigo 10, cunha antelación mínima previa de 24 horas á data de prestación do servizo.
- Atoparse nalgunha das situacións que motivan a concesión do servizo sinaladas no artigo 11.
- Non dispor doutro recurso axeitado, segundo informe motivado pola traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.

- Que non haxa na unidade de convivencia outra persoa adulta responsable que poida facerse cargo da/o menor.
- Que a/o menor non requira coidados especiais, ou que a situación requira dunha intensidade ou número de horas que excedan da capacidade do servizo, segundo informe motivado da traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.
- Reunir os seguintes requisitos económicos: o límite de ingresos da unidade familiar para ter dereito ao servizo estipúlase en función do IPREM fixado nos Presupostos Xerais do Estado para cada ano. Segundo recolle a Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2018, prorrogados para o ano 2019, o IPREM mensual fíxase en 537,84 €. Así, para o ano 2020, mentres non se actualicen os Presupostos Xerais do Estado, os límites de ingreso serán os seguintes:
 - Límite de ingresos para ter dereito ao servizo:
 - Unidade familiar cun fillo/a: valor mensual do IPREM+50% =806,76€
 - Por cada novo fillo/a incrementarase á contía anterior un 20% do IPREM. Así:
 - Unidade familiar con 2 fillos/as: 914,33 €
 - Unidade familiar con 3 fillos/as: 1.021,90 €
 - Unidade familiar con 4 fillos/as: 1.129,47 € ...

No caso de que un ou unha das menores ao seu cargo teña recoñecido o grao de dependencia a porcentaxe do valor do IPREM a ter en conta incrementarase nun 20%. Así, unha unidade familiar cun único fillo ou filla pero que teña recoñecido grao de dependencia terá o límite de ingresos en 914,33 € (valor mensual do IPREM+70% do mesmo). Se esta unidade familiar ten máis menores ao seu cargo incrementarase a contía anterior un 20% do valor mensual do IPREM. Estas contías serán actualizadas cada ano en función da actualización do IPREM que estea vixente.
- Excepcionalmente, poderase valorar a inclusión no programa ás mulleres que, superando o límite de ingresos establecido neste apartado, poidan xustificar documentalmente gastos extraordinarios da unidade de convivencia. Esta valoración será feita polo Departamento de Igualdade, a través dun informe motivado da traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller conformado pola xefa do servizo.

Artigo 10. Documentación necesaria

- Documento nacional de identidade ou equivalente.
- Libro de familia.
- Xustificante de empadramento no Concello de Vigo.
- Xustificante de ingresos mensuais da unidade familiar: última nómina, certificado de prestacións públicas, etc.
- Xustificante do motivo polo que solicita o servizo.
- No caso de carecer de ingresos e cando por distintas razóns non se poidan acreditar as rendas mensuais, ou se produzan causas sobrevidas que afecten aos recursos da unidade familiar, a traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller do servizo municipal de igualdade, poderá solicitar a documentación acreditativa destas situacións.



Concello de Vigo

Artigo 11. Motivos e causas de solicitude do servizo:

Este servizo adícase, exclusivamente, ao coidado da prole das mulleres que pola súa incorporación ao mercado laboral, por ampliación da súa formación, pola súa participación en actividades socioculturais e/ou deportivas ou noutro plano que atopen en situacións de emerxencia, como é a atención aos casos que tendo algún familiar hospitalizado, a nai e/ou o pai non poden coidar naquelas horas, as súas fillas e/ou aos seus fillos.

A prestación individual do servizo circunscribírase só a aqueles casos nos que a atención dos e das menores non poida ser cuberta a través doutros recursos públicos ou subvencionados pola administración: escolas infantís, ludotecas, centros de día de atención á menor e/ou ao menor, campamentos urbanos, etc.

Trátase dun servizo que ten carácter temporal. Concédese por un período de tempo determinado, mentres duren as circunstancias que deron lugar a súa concesión, ou ben mentres a persoa beneficiaria accede a outro tipo de recursos de apoio estables no tempo, mediante recursos públicos (escolas infantís, servizos escolares, etc.), ou mediante recursos propios (apoios familiares, económicos, etc.).

En todos os supostos que se describen a continuación, a beneficiaria, no prazo non superior a 1 semana, deberá entregar á traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller documentación que acredite a súa asistencia ou comparecencia do motivo polo que solicitou o servizo (certificación de ter realizada a formación, contrato laboral, xustificante médico, etc). No caso de non achegar estes comprobantes non poderá beneficiarse dun novo servizo, aínda que sexa por motivo diferente ao que non está debidamente xustificado.

1º.- Ampliación da formación da muller:

Concederase o servizo polo tempo indispensable ata un máximo de 4 horas diarias para a realización de formación solicitada e autorizada polo servizo municipal de Igualdade.

- a) Alfabetización, estudos secundarios...
- b) Universidade
- c) Preparación de oposicións
- d) Cursos de formación ocupacional
- e) Exames e probas de avaliación presenciais

2º.- Incompatibilidade laboral: incorporación da muller ao mercado laboral:

- a) Entrevista de traballo: concederase o servizo polo tempo necesario para a realización da mesma, cun máximo de 4 horas diarias.
- b) Proba de traballo: concederase o servizo por un período máximo de 15 días. Ao remate deste período, poderase conceder o servizo por incompatibilidade laboral.
- c) Incompatibilidade laboral: poderase conceder o servizo por un período non superior a 2 meses, co obxecto de que a nai dos/as menores poida organizar durante ese período de tempo o coidado das súas fillas e fillos unha vez finalice a prestación do servizo. En casos excepcionais, poderase ampliar este período, con carácter temporal, co informe motivado da traballadora social (ou doutra profesional da Concellería de Igualdade na súa ausencia) conformado pola xefa do departamento.

3º.- Realización de xestións administrativas, acudir a citas médicas ou psicolóxicas:

Concederase o servizo polo tempo necesario para acudir ás citas cun máximo de 4 horas diarias.

4º Emerxencias

Enténdense por emerxencia aqueles servizos que por unha causa de forza maior sobrevida fan inescusable o coidado dos e das menores ata a solución da razón ou motivo que xerou dita situación de emerxencia.

Concederase o servizo polo tempo indispensable, cun máximo de 4 horas diarias.

En calquera caso e por causa debidamente xustificada, a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo poderá autorizar servizos por razóns de conveniencia social especial.

5º.- Participación das mulleres en actividades socio-culturais e deportivas.

O servizo municipal de Igualdade poderá valorar nestes casos a concesión do servizo a través dun coidado colectivo dos e das menores, no centro onde as nais realicen a actividade. Para a realización do coidado colectivo o centro deberá dispor dun espazo habilitado, contando con material para entretemento, ademais a sala deberá reunir as condicións de seguridade e hixiene necesaria previstas na lexislación vixente para a atención das nenas e dos nenos segundo as súas idades.

Se o local non reúne as condicións mínimas necesarias para o coidado colectivo dos e das menores, e de valorar a existencia de risco para os nenos e as nenas que alí se atenden, a/o contratista deberá suspender a prestación do servizo, emitindo no prazo de 24 horas un informe motivado á Concellería de Igualdade .

Cando a actividade que motiva a solicitude do servizo sexa organizada por unha entidade con recursos propios, o servizo municipal de igualdade poderá denegar a solicitude ao considerar que é a entidade organizadora da actividade a responsable de atender ás demandas e ás necesidades formuladas.

Poderase conceder este servizo canda non haxa demanda individual do servizo para algún dos 4 motivos descritos nos apartados anteriores (formación, incompatibilidade laboral, citas e xestións e emerxencias).

6º.- Causas excepcionais:

Excepcionalmente, e co correspondente informe motivado da traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, conformado pola xefa da unidade, poderase considerar causas excepcionais e valorar a inclusión no programa das mulleres e dos nenos e das nenas que non cumpran cos requisitos establecidos no programa e que poidan xustificar documentalmente ante o servizo de igualdade unha situación de risco, emerxencia social e/ou interese excepcional que xustifique a prestación do devandito servizo con carácter excepcional.



Concello de Vigo

Artigo 12. Condicións de acceso ao servizo:

O acceso ao Servizo Municipal de Atención Domiciliaria da Infancia, realizarase sempre a través da área de Igualdade do Concello de Vigo. A solicitude do SADI realízase ante a traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller quen valora as necesidades segundo o baremo establecido. Unha vez concedida a prestación do servizo, remítese a documentación á entidade adxudicataria para a execución deste. A entidade contratada execútao enviando coidadoras infantís ao lugar, e polo período de tempo (días e horarios) previamente establecidos, atendendo ás necesidades de cada usuaria.

O servizo será gratuíto para as persoas beneficiarias.

Denomínase servizo aos desprazamentos que a coidadora realiza ao domicilio da beneficiaria ou ao lugar indicado para o coidado dos e das menores. Un/a mesmo/a menor pode beneficiarse de máis dun servizo nun mesmo día.

Dende o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, enviarase á adxudicataria solicitude coas indicacións necesarias para a realización dos servizos: inicio, duración, horario, necesidades, entre outros; cun mínimo de 24 horas de antelación ao inicio do mesmo. O servizo concederase á maior brevidade posible, en función da demanda existente en cada momento.

O servizo faise con carácter xeral na casa da beneficiaria, dende a hora solicitada ata que a usuaria regrese, hora que estará previamente estipulada, aínda que en ningún caso se deixarán ás nenas e aos nenos sós, ao coidado de persoas non autorizadas previamente pola nai nin tampouco ou ao coidado de persoas menores de idade.

Con carácter xeral e en casos de usuarias individuais, establecerase antes do inicio do primeiro servizo solicitado, unha presentación da coidadora á ou ao menor, así como á nai ou persoa responsable en quen delegue dun máximo de 1 hora de duración. Poderanse establecer excepcións naqueles casos de nenas e de nenos menores de 1 ano de idade ou maiores de 7 anos, ou en situacións de urxencia que impidan a previa presentación.

A atención non inclúe a realización do traballo doméstico, senón unicamente o coidado persoal das e dos menores menores de 12 anos.

No caso dun servizo de coidado colectivo, este realizarase nunha sala que reúna as condicións de seguridade e hixiene previstas na lexislación vixente. A sala deberá ter unhas dimensións mínimas de dous metros cadrados por neno ou nena atendida. Os aseos deberán ser facilmente accesibles desde o propio local. A sala deberá contar só co mobiliario imprescindible para as actividades lúdicas. Será segura e estable, sen elementos que poidan supor un perigo potencial para os nenos e as nenas. Os xoguetes que se empreguen deberán estar homologados e reunir as necesarias condicións de seguridade previstas para estes equipamentos na lexislación vixente.

Se o local non reunise as condicións mínimas necesarias para o coidado colectivo dos e das menores, e de valorar a existencia de risco para os nenos e as nenas alí atendidas, a contratista poderá suspender a prestación do servizo emitindo, no prazo de 24 horas, un informe motivado á Concellería de Igualdade.

Artigo 13. Dereitos das persoas usuarias

As persoas usuarias do Servizo Municipal de Atención Domiciliaria da Infancia terán os seguintes dereitos básicos:

1. A seren tratadas coa consideración debida á súa dignidade e ao respecto dos seus dereitos e liberdades fundamentais.
2. A seren informadas de xeito claro e preciso das normas de funcionamento do servizo.
3. A recibiren un trato respectuoso e profesional por parte do persoal adscrito ao servizo.
4. Respecto ás súas conviccións cívicas, políticas, morais e relixiosas.
5. Á confidencialidade, sigilo e respecto en relación cos seus datos persoais e a información que sexa coñecida polo servizo en razón da intervención profesional, de conformidade coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.
6. A utilizar o servizo no horario e nas condicións establecidas.
7. A realizar as propostas, queixas e suxestións que consideren oportunas en relación cos servizos prestados.
8. Ao cese voluntario na utilización do servizo.
9. Os demais que lles outorgue a normativa vixente.

Artigo 14. Deberes das persoas usuarias

As persoas usuarias do Servizo Municipal de Atención Domiciliaria da Infancia terán os seguintes deberes básicos:

1. Cumprir as normas de aplicación do servizo.
2. Respetar a dignidade persoal e profesional do persoal contratado para a prestación do servizo.
3. Observar as súas indicacións e manter unha actitude colaboradora e facilitadora.
4. Poñer en coñecemento dos responsables do servizo os posibles cambios na súa situación persoal que poidan incidir na prestación do servizo.
5. Asinar as autorizacións que sexan indispensables para o coidado e benestar da/o menor, mediante os formularios aprobados pola Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

Artigo 15. Incumprimentos

O incumprimento nos horarios pactados de antemán pola beneficiaria; a non utilización do servizo para o motivo polo que foi concedido; así como as demais causas de extinción recollidas no artigo 16, poderán supor a súa cancelación.

Artigo 16. Causas de extinción e modificación do servizo

1.- Son causas de extinción do Servizo de Atención Domiciliaria da Infancia, as seguintes:

- a) A finalización do período de tempo concedido.
- b) A renuncia da persoa beneficiaria.



Concello de Vigo

- c) O traslado definitivo da súa residencia a outro concello.
- d) O incumprimento reiterado dos deberes e obrigas pactadas de antemán pola beneficiaria.
- e) A desaparición das causas e/ou requisitos que motivaron a prestación do servizo.
- f) A non utilización do servizo para o motivo polo que foi concedido.
- g) Cando o equipo técnico municipal valore necesario a derivación a outro recurso especializado, ben porque a/os menores presenten necesidades especiais de atención que deban ser cubertos por equipos especializados, ben porque a situación requira dunha alta intensidade ou horas de atención que sobrepasen a capacidade deste servizo.

2.- Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente.

CAPÍTULO III PRESTACIÓNS INCLUÍDAS NO SADI

Artigo 17. Prestacións que contempla o servizo:

Con carácter xeral, as prestacións que inclúe a atención e coidado, en función da idade dos e das menores, serán as seguintes:

- Subministrar e quentar almorzos e comidas previamente preparados.
- Axudar a comer en función da idade ou características da/o menor.
- Supervisión da alimentación e do aseo.
- Planificar e realizar actividades de ocio.
- Apoio na realización de tarefas escolares.
- Traslados e/ou acompañamentos fóra do domicilio (centro escolar, ludoteca, parque).
- Exclúense as tarefas domésticas que non estean directamente relacionadas co coidado da/o menor.

CAPÍTULO IV: DIRECCIÓN E ORGANIZACIÓN DO SERVIZO

Artigo 18. Dirección e organización xeral

O persoal responsable da execución directa do Servizo Municipal de Atención Domiciliaria da Infancia estará sometido ao poder de dirección e organización da contratista sendo este a única responsable e obrigada ao cumprimento de cantas disposicións legais resulten aplicables o caso; en especial en materia de contratación, seguridade social, prevención de riscos laborais e tributaria.

En ningún caso terá ese persoal vinculación xurídico-laboral co Concello de Vigo, con independencia das facultades de control e inspección que legal e contractualmente lle corresponden.

A adxudicataria desenvolverá o programa con persoal formado e especializado contratado pola devandita entidade, e facilitará puntualmente as instrucións e supervisión do labor realizado polas traballadoras ao seu cargo adscritas ao seu programa.

O persoal responsable da execución directa do Servizo de Atención Domiciliaria da Infancia deberá posuír, como mínimo, a cualificación de técnica auxiliar de escolas infantís ou equivalente. Este requisito poderase suplir en caso de traballadoras que acrediten, cando menos, 5 anos cotizados na categoría laboral de coidadora ou auxiliar infantil, acreditando este feito cos contratos e vida laboral.

A adxudicataria deberá contar coas correspondentes certificacións negativas do Rexistro Central de delinquentes sexuais para todo o persoal adscrito ao contrato que dedicará á prestación do servizo, ao implicar estas prestacións un contacto habitual con menores, así como a previsión de que eses mesmos certificados deben ser obtidos previamente para os casos de baixas, substitucións ou coberturas de vacante, así como o deber de inmediata substitución do persoal afectado de maneira sobrevida polo incumprimento deste deber.

A traballadora social do Centro municipal de Información dos Dereitos da Muller (ou técnica municipal do Servizo de igualdade en ausencia desta), será a responsable das altas, baixas e seguimentos das usuarias no Servizo, sen menoscabo das facultades de dirección, supervisión e coordinación, e demais superiores atribucións da xefatura de Igualdade e da Concellería delegada de Igualdade

Artigo 19. Relacións entre o Concello e a contratista

A contratista achega a súa propia coordinación e xestión, sendo responsable da organización do servizo, da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados.

É responsabilidade municipal o control, fiscalización e avaliación continuada da execución deste Servizo, así como as súas posibles modificacións.

A contratista deberá dispor dunha persoa responsable da coordinación, quen recibirá as ordes e directrices municipais en todo o referente á adecuada atención os nenos e as nenas beneficiarias do servizo e manterá coa Concellería de Igualdade unha fluída e continuada comunicación. Planificará e coordinará o traballo, e supervisará a boa execución dos servizos, adoptando as medidas necesarias para previr incidencias e establecendo as medidas correctoras adecuadas ante as incidencias que se poidan producir tan pronto teña coñecemento delas.

A adxudicataria deberá identificar as traballadoras que prestan este servizo co anagrama: "SADI-Concello de Vigo" ou o que teña a ben substituír o servizo municipal de igualdade.

A adxudicataria deberá remitir á Concellería de Igualdade unha memoria anual de desenvolvemento do programa, que deberá ser emitida ao finalizar cada ano natural antes do 15 de xaneiro, e unha memoria final ao remate do contrato. A avaliación final deberá incorporar unha memoria sobre o impacto de xénero da contratación, con indicadores e datos desagregados por sexo das persoas usuarias.

A adxudicataria deberá remitir ao Concello as propostas de mellora, así como informes e estatísticas mensuais e trimestrais, que permitan avaliar a marcha do servizo, cos datos desagregados por sexo que estableza a Concelleira de Igualdade, a través da responsable municipal do contrato.

En caso necesario, a Concellería de Igualdade, a través da responsable municipal do contrato, poderá establecer elementos complementarios de control e avaliación do servizo que preste a



Concello de Vigo

adxudicataria co obxecto de introducir correccións e melloras na forma e calidade de realizar as prestacións.

A adxudicataria garantirá o emprego dunha linguaxe e imaxe non sexista tanto na fala como nos documentos e imaxes internos ou públicos referentes á prestación deste Servizo. A adxudicataria queda obrigada a que toda a documentación, publicidade, imaxe ou materiais deberán empregar un uso non sexista da linguaxe. Non se poderá empregar ningunha imaxe que discrimine ás mulleres ou que favoreza estereotipos sexistas. Utilizarán unha linguaxe inclusiva e fomentarán unha imaxe con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, corresponsabilidade e pluralidade de roles e identidades de xénero.

A lingua galega empregarase, con carácter xeral, tanto na fala como na documentación interna e pública referente á prestación deste servizo, segundo o previsto na Ordenanza de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

Toda a documentación e protocolos utilizados non conterán publicidade do/da contratista e reflectirán en lugar destacado o logo do Concello de Vigo.

Correrá por conta da adxudicataria a responsabilidade derivada de todos os danos, prexuízos e accións de calquera natureza que se ocasionen ás persoas beneficiarias do servizo e a terceiras persoas, así como dos danos materiais no local onde se leve a cabo a atención.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para o axeitado desenvolvemento e implementación destas normas, facúltase á Concellería delegada de Igualdade para tramitar e aprobar toda clase de documentos administrativos (formularios, manuais de organización e funcionamento, etc.) e para ditar as instrucións de funcionamento interno complementarias que sexan necesarias.

5(215).- PROPOSTA DE PRÓRROGA EXCEPCIONAL NA CESIÓN DE VIVENDA MUNICIPAL DE PROTECCIÓN PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO IDENTIFICADA CO CÓDIGO Nº E-638-C-6. EXPTE. 9092/224.

Dáse conta do informe-proposta do 30/03/2020, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a asesora xurídica de dito Servizo e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

O día 13 de marzo de 2019 o equipo de profesionais do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* emite informe no que se expón a problemática familiar da usuaria identificada con NIE núm. ****8133*, onde se reflicte a necesidade de procurarlle un acollemento temporal, acompañada de seu fillo menor, a medio prazo, nunha das vivendas que conforman a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

En atención á demanda formulada e á situación descrita no proxecto de intervención emitido polo servizo municipal de atención á muller, a concellería de Igualdade valorou necesario que se aprobase a ocupación provisional da vivenda identificada con número E-638-C-6, co obxecto de que a usuaria identificada con NIE núm. ****8133* e o seu fillo, a ocupasen por un período de seis meses, transcorridos os cales debería abandonar a vivenda, agás se

xustificase a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller. Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/03/2019.

Desde o día 2 de abril de 2019 a dita unidade familiar, permanece acollida temporalmente na vivenda de protección, cumprindo as normas de convivencia e os obxectivos pactados no proxecto de intervención.

O equipo multidisciplinar do CMIDM composto por unha avogada, unha psicóloga e unha traballadora social fai o seguimento da familia xunto coa educadora familiar asignada. No informe de seguimento que emite este equipo municipal en data 20 de setembro de 2019, e a teor da situación social da beneficiaria, conclúese a importancia de prorrogar a súa estancia na vivenda de protección municipal, por un período non superior a seis meses, mentres non se acadasen os obxectivos previstos no proxecto de intervención. Acordo da Xunta de Goberno Local de data 26/09/2019.

En data 10 de marzo de 2020 o equipo multidisciplinar do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller emite informe solicitando unha prórroga excepcional por un período máximo de tres meses para a unidade familiar, a teor da situación socio-familiar da beneficiaria. No informe valórase a importancia de prorrogar excepcionalmente a súa estancia na vivenda de protección municipal por un período non superior a tres meses, namentres non se acaden os obxectivos previstos no proxecto de intervención.

Vista a declaración de estado de alarma efectuada polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, (prorrogado polo R.D 476/2020 do 27 de marzo) e modificado polo R.D 465/2020 , ante a suspensión de prazos prevista na súa Disposición adicional terceira e as excepcións establecidas para as entidades do sector público, este órgano xestor motiva a continuación deste procedemento por considerar que é de interese xeral e para velar pola continuidade do funcionamento básico deste servizo.

Normativa sectorial sobre este servizo social comunitario específico:

- A Lei orgánica 1/2004, de 28 de novembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, no seu artigo 1 inclúe dentro do seu obxecto a prestación de asistencia ás mulleres, a seus fillos e fillas menores e aos e ás menores suxeitos á súa tutela, ou garda e custodia, vítimas desta violencia. No seu artigo 19, ademais, establece o dereito á asistencia social integral para as vítimas, e a competencia para a súa organización por parte das Corporacións Locais.

- A Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para o tratamento integral da violencia de xénero no seu artigo 48 establece a Rede galega de Acollemento, e define os centros de acollida como recursos especializados residenciais temporais, que ofrecen acollida, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e os menores ao seu cargo que requiren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero.



Concello de Vigo

- O Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, define na súa disposición adicional terceira, mulleres con especiais dificultades de inserción laboral ou en situacións marcadas pola desvantaxe social, na que inclúe, entre outras, as mulleres vítimas de violencia de xénero.

- A Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, define os centros de acollida como servizos sociais comunitarios específicos (artigo 12 e 13), e atribúe aos concellos a competencia para a súa creación e xestión (artigo 60).

- O Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, no seu artigo 26 define as funcións dos servizos sociais comunitarios específicos: a xestión de centros de inclusión e emerxencia social tipificados regulamentariamente, tales como (entre outros) os centros de acollida; así como o asesoramento, atención e orientación prestada a mulleres en situación de especial vulnerabilidade.

- A Orde do 25 de xaneiro de 2008 pola que se regulan os requisitos específicos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social define os centros de acollida e inclusión como centros en réxime residencial temporal nos cales, mediante unha acción programada, se posibilitan oportunidades de axuste persoal e incorporación sociolaboral ás persoas en situación ou risco de exclusión social. A Rede Municipal de Vivendas de protección de vítimas de violencia de xénero do Concello de Vigo encadraríase dentro do programa de transición á vida autónoma que ofrecen estes centros de acollida, e que ven definido nesta orde.

- O Decreto 61/2016, de 11 de febreiro, polo que se define a Carteira de servizos sociais de inclusión, de conformidade coa Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia, establece a violencia de xénero como factor concorrente (entre outros) para definir a situación ou risco de exclusión social. O Decreto reclassifica os programas e servizos e derroga expresamente a Orde do 25 de xaneiro de 2008 pero déixaa transitoriamente en vigor en tanto non se diten as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste decreto. A día de hoxe, por tanto, continúa en vigor a Orde do 25 de xaneiro de 2008.

- O Decreto 254/2011 do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais de Galicia ten por obxecto a regulación do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS), e o réxime de autorización, acreditación e inspección de servizos sociais. A Rede Municipal de Vivendas de protección de vítimas de violencia de xénero do Concello de Vigo está formada por tres centros de acollida e inclusión, autorizados e acreditados pola Xunta de Galicia, integrados no RUEPSS conforme a normativa autonómica.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Acordar a continuación da tramitación do presente procedemento administrativo de cesión temporal de vivenda de protección para vítima de violencia de xénero (expte 9092-224) , ao abeiro do establecido na Disposición adicional terceira do R.D 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (prorrogado polo R.D 476/2020 do 27 de marzo), modificado polo Decreto 465/2020, ao ter por obxecto este procedemento entre outros, o de ser preciso para o interese xeral e para a continuidade do funcionamento básico dos servizos públicos.

Segundo.- Autorizar un período de prórroga excepcional na cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-638-C-6 por un período máximo de tres meses de duración a contar desde o día 2 de abril de 2020 atendendo ás circunstancias que obran no expediente .”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(216).- APROBACIÓN DEFINITIVAMENTE DO “PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE VIGO -PMPDIF. EXPTE. 104/105.

Dáse conta do informe-proposta do 30/03/2020, asinado pola arquitecta da oficina de Planeamento e Xestión da XMU e polo xefe de Área Servizos Xerais (vogais da Comisión de Seguimeto do Plan), pola xefa do servizo de Estatística (sectetaria da Comisión de Seguimiento do Plan), polo xefe do servizo de Medio Ambiente (vogal da Comisión de Seguimiento do Plan) e polo concelleiro-delegado do Área de Montes, Parques e Xardíns (presidente da Comisión de Seguimiento do Plan), que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

En sesión extraordinaria e urxente de data 11 de outubro de 2018, a Xunta de Goberno Local acordou impulsar o procedemento para a elaboración do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais (en adiante, PMPDIF), a cuxos efectos se constituíu unha Comisión Técnica de Seguimento do Plan, ó tempo que se designaba responsable da dirección e coordinación do proceso de elaboración e aprobación deste ó concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos (expte. 104/105).

Con data 11/03/19, o concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, resolveu adxudicar o contrato menor de servizos para a redacción do PMPDIF a favor da entidade Cartoplan Atlántico, S.L. (expte. 11861/446).

Con data de entrada no Rexistro Electrónico deste Concello do 7 de maio de 2019, a adxudicataria achegou o “Documento de delimitación da rede secundaria de faixas de xestión da biomasa” (doc. 190066631).



Concello de Vigo

A Xunta de Goberno Local en sesión do 09/05/2019, aprobou inicialmente o “Documento de delimitación da rede secundaria de faixas de xestión da biomasa do Concello de Vigo”.

Deuse traslado deste acordo á Dirección Xeral de Ordenación Forestal da Consellería de Medio Rural a para o seu coñecemento. Tamén, ós distintos servizos municipais.

O dito documento someteuse a información pública polo prazo de 20 días hábiles mediante a inserción de anuncio no BOPPO do 06/06/2019, e estivo a disposición do pública, na web do Concello de Vigo, no Portal de Transparencia do Concello de Vigo e nas dependencias da Casa do Consistorial. Tamén, se efectuaron diversas comunicacións de difusión deste trámite a través da prensa local, asociacións e comunicades de montes veciñais en man común.

Durante o trámite de información pública presentáronse tres alegacións: Asociación Veciñal Cultural e Deportiva de San Xurxo de Saiáns (DOC. 190086575), Comunidade de Montes Teis (DOC. 190092356), C.M.V. San Xurxo de Saiáns (DOC. 190094401).

As alegacións remitíronse ó equipo redactor para o seu estudo e consideración.

A entidade Cartoplan Atlántico, S.L. achegou o documento definitivo do “Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Vigo (PMPDIF)” en data do 16/09/2019, que incorpora a rede secundaria definitiva de faixas de xestión da biomasa a cal fora obxecto de aprobación inical e información pública.

O documento PMPDIF foi informado favorablemente polo Servizos Técnicos da Xerencia de Urbanismo, da Área de Seguridade e Mobilidade e do Servizo de Medio Ambiente.

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 26 de setembro de 2019, ditou acordo que na súa parte resolución di:

PRIMEIRO: Informar desfavorablemente as alegacións presentadas por Asociación Veciñal Cultural e Deportiva de San Xurxo de Saiáns (Doc. 190086575), Comunidade de Montes Teis (Doc. 190092356), C.M.V. San Xurxo de Saiáns (Doc. 190094401), en relación coa delimitación das redes secundarias de xestión de biomasa do Concello de Vigo sometida a información pública, de conformidade cos fundamentos de feito e dereito recollidos na parte expositiva deste acordo.

SEGUNDO: APROBAR PROVISIONALMENTE o “Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Vigo -PMPDIF-”, asinado electronicamente polos técnicos competentes da entidade Cartoplan Atlántico, S.L. en datas 13 e 15 de setembro de 2019, por encargo da Concellería delegada da Área de Parques e Xardíns, que incorpora a delimitación definitiva das redes secundarias de xestión da biomasa.

TERCEIRO: Remitir á Dirección Xeral de Ordenación Forestal da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia o documento do PMPDIF do Concello de Vigo

aprobado provisionalmente e solicitarlle o informe preceptivo e vinculante que determina o artigo 16.3. da LPDIFG , con carácter previo a súa aprobación definitiva.

O documento do PMPDIF foi remitido á Dirección Xeral de Ordenación Forestal da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia en data do 03/10/2019.

En data do 02/03/2020 (doc. 200034889/2020), o subdirector xeral de Prevención da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, emite o informe favorable preceptivo e vinculante no que sinala:

(...)

O plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Vigo cumpre cos requisitos mínimos establecidos no artigo 16 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, para a súa aprobación.

En consecuencia, en vista do exposto anteriormente, esta Subdirección Xeral informa favorablemente a delimitación das redes secundarias de faixas de xestión da biomasa do Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais de Vigo, definidas nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, tal e como se establece no artigo 21.1.a) da Lei 3/2007, do 9 de abril e arredor das edificacións destinadas ás persoas, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasoleneiras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte, tal e como se establece no artigo 21.1.b) da Lei 3/2007, do 9 de abril e arredor das edificacións illadas destinadas ás persoas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte, tal e como se establece no artigo 21.1.c) da Lei 3/2007, do 9 de abril.”

II.- CONTIDO DO DOCUMENTO DE PMPDIF

O documento do PMPDIF foi redactado polo enxeñeiro agrónomo, José Antonio González Ferreira, e pola enxeñeira de montes, María Carmen Martínez Santorio, da entidade Cartoplan Atlántico, S.L., e asinado electrónicamente o último documento o 13 e o 15 de setembro de 2019, respectivamente, e consta de:

I.- MEMORIA.

- 1.- ANTECEDENTES E XUSTIFICACIÓN
- 2.- OBXECTIVOS
- 3.- ÁMBITO TERRITORIAL
- 4.- ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL
- 5.- ACTUACIÓNS PREVISTAS DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS
- 6.- MEDIOS PARA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS.
- 7.- REGULACIÓN E NORMATIVA DE APROVEITAMENTOS E USOS QUE POIDAN DAR LUGAR A LUMES FORESTAIS
- 8.- PROPOSTA DE MELLORAS
- 9.- ANÁLISE ECONÓMICO
- 10.- CONTROL DO PLAN



Concello de Vigo

II.- CARTOGRAFÍA

PLANO 01.-LOCALIZACIÓN DE CUADRÍCULA. (E: 1:30.000).

PLANO 02.- PLANEAMENTO (PXOU 93). (E: 1:30.000).

PLANO 03.- DELIMITACIÓN DO MONTE E ÁREA DE INFLUENCIA. (E: 1:30.000).

PLANO 04.- REDE SECUNDARIA DE FAIXAS DE XESTIÓN DE BIOMASA. (E: 1:1.000)

PLANO 05.-PENDENTES. (E: 1:30.000). PLANO No 06. ORIENTACIÓN. (E: 1:30.000).

PLANO 07.- VEXETACIÓN ARBÓREA. (E: 1:30.000).

PLANO 08.1.- HIDROLOXÍA: CONCAS E REDE FLUVIAL. (E: 1:30.000).

PLANO 08.2.- HIDROLOXÍA: HUMEDAIS. (E: 1:30.000).

PLANO 09.- ACTIVIDADE INCENDIARIA. (E: 1:30.000).

PLANO 0.- PUNTOS POTENCIALMENTE PERIGOSOS. (E: 1:30.000).

PLANO 11.- PUNTOS DE CARGA DE AUGA E VIAL DE ACCESO. (E: 1:30.000).

PLANO 12.1.- ÍNDICE DENSIDADE DE INFRAESTRUTURAS (Idi). (E: 1:30.000).

PLANO 12.2.- ÍNDICE DENSIDADE EXPOSICIÓN (Ie). (E: 1:30.000).

PLANO 12.3.- ÍNDICE PENDENTE (Ip). (E: 1:30.000).

PLANO 12.4.- ÍNDICE DE COMBUSTIBLES (Ic). (E: 1:30.000).

PLANO 12.5.- ÍNDICE DE DIFICULTADE DE EXTINCIÓN (IDE). (E: 1:30.000).

III.- ANEXOS

ANEXO I.- Relación de parcelas afectadas pola rede de faixas de prevención e defensa contra os incendios forestais.

ANEXO II.- Modelo de comunicación de requirimento.

ANEXO III.- Modelo de comunicación autorización queima.

ANEXO IV.- Denuncia de non cumprimento da xestión da biomasa nas redes secundarias.

ANEXO V.- Anuncios e aprobacións inicio do plan.

ANEXO VI.- Informe alegacións presentadas

ANEXO Complementario ao Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Vigo ao abeiro do Instrumento de Ordenación Provisional.

III.- ANÁLISE DO DOCUMENTO DE PMPDIF:

Segundo os informes técnicos emitidos polos servizos técnicos municipais de planeamento da Xerencia de Urbanismo, da Área de Seguridade e Mobilidade e do Servizo de Medio Ambiente cómpre sinalar o seguinte:

III.1.- DENDE O PUNTO DE VISTA URBANÍSTICO:

III.1.1.- PMPDIF E PLANEAMENTO VIXENTE

Na elaboración do PMPDIF resulta necesario delimitar o solo urbano, de núcleo rural e o urbanizable, é dicir, o conxunto dos terreos que forman os núcleos de poboación do municipio. Xa que logo, atenderase á clasificación urbanística do solo que se establece no plan xeral vixente no Concello de Vigo.

O planeamento vixente no Concello de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29.04.1993 (a súa aprobación definitiva foi publicada no DOG nº 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi

publicada no B.O.P. nº 133, o 14 de xullo de 1993). Trátase en realidade do denominado *Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA* (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia).

O PXOU 1993 foi redactado no marco da LASGA (Lei 11/85), e non se adecúa á lexislación urbanística vixente (Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia (LSG) e ó seu Regulamento de desenvolvemento (RLSG)); polo tanto, a súa clasificación urbanística non se axusta ás clases de solo vixentes na actualidade.

O plan xeral vixente ten a consideración de instrumento de planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da LSG e non adaptado á LOUGA (Lei 9/2002), porén, na actualidade, conserva a súa vixencia consonte ás regras establecidas na Disposición transitoria primeira, apartado 2, da LSG:

“a) Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.a) desta lei, aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano consolidado. Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.b) desta lei, aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano non consolidado.

b) Ao solo urbanizable delimitado, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo urbanizable.

Ao solo urbanizable non delimitado: apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico.

Malia o anterior, ao solo urbanizable delimitado, non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico con planeamento de desenvolvemento aprobado inicialmente antes da entrada en vigor desta lei, aplicaráselle o réxime do solo urbanizable previsto nela.

Así mesmo, ao solo urbanizable delimitado, non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico con planeamento de desenvolvemento aprobado definitivamente antes da entrada en vigor desta lei, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo.

c) Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.

d) Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico”.

Segundo o disposto nesta Disposición Transitoria Primeira, establécense as seguintes equivalencias entre as clases de solo vixentes na actualidade, ás que tamén se refire a LPDIFG, e as que establece o planeamento municipal vixente:

- O solo urbano correspóndese co solo urbano do PXOU 1993, a excepción do solo urbano incluído nas delimitacións de núcleos rurais existentes de recente formación e os tradicionais.
- O solo de núcleo rural, que non existe como tal no PXOU 1993, correspóndese coas delimitacións de núcleo rural existente de recente formación e tradicionais (tanto as delimitacións en solo urbano como as de solo non urbanizable).



Concello de Vigo

- O solo urbanizable correspóndese co solo urbanizable programado no PXOU 1993, así como o solo urbanizable non programado con planeamento de desenvolvemento aprobado.
- O solo rústico correspóndese co solo non urbanizable e co solo urbanizable non programado sen planeamento de desenvolvemento aprobado.

Forman parte da documentación gráfica do PMPDIF os planos *02 Planeamento* e *03 Delimitación do monte e da área de influencia* onde se comprobou que se ven reflectidas as equivalencias das distintas clases de solo do PXOU do ano 1993 anteriormente ditas, na delimitación do solo urbano, de núcleo rural e urbanizable que se usa como base do plan de prevención.

A delimitación do monte, tal e como define o artigo 2 da LPDIFG non inclúe terreos clasificados como solo urbano, de núcleo rural ou urbanizable.

A rede secundaria de faixas de xestión da biomasa que contén o PMPDIF axústase ao artigo 21.a da LPDIFG, é unha franxa perimetral ao límite do solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, e non inclúe as franxas que se atopan circundadas por solos urbanos, de núcleo ou urbanizables.

Na rede de faixas secundarias de xestión é obrigatorio xestionar a biomasa dentro da zona de influencia de 400 metros, e nunha franxa perimetral de 50 metros arredor das edificacións destinadas ás persoas, as vivendas illadas, urbanizacións, vertedoiros, cámpings, gasolineras e instalacións industriais (artigo 21.b da LPDIFG). Na documentación presentada para a definición destas franxas perimetrais de 50 metros tomáronse en conta tamén as edificacións situadas nos concellos limítrofes.

Soamente se delimita a franxa perimetral do artigo 21.c da LPDIFG para 3 edificacións illadas fóra da zona de influencia.

As franxas resultantes de aplicar o artigo 21 da LPDIFG se reflecten na documentación gráfica do plan de prevención fusionadas como unha única delimitación, a cal se pode ver nos planos 04 sobre unha base formada pola ortofoto PNOA do ano 2017 e o parcelario catastral.

Estes planos 04 de delimitación da rede secundaria utilizan o corte das follas cartográficas da cartografía oficial do Concello de Vigo; achegando ademais o plano 01 como mapa guía das ditas follas ao longo do termo municipal.

Tamén forma parte da documentación un anexo coa relación das parcelas catastrais incluídas na delimitación da rede, onde se poden localizar mediante a súa referencia catastral, e no que se sinala a superficie da parcela segundo os datos catastrais e a superficie incluída na cal se debe xestionar a biomasa forestal.

III.1.2. PMPDIF E INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL

Tal e como se expuxo, o planeamento vixente no Concello de Vigo é o Plan Xeral de 1993, xa que a declaración de nulidade contida na sentenza de 10 de novembro de 2015 do Tribunal Supremo que afectou ás ordes de aprobación do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo do ano 2008, polo que recobrou a súa vixencia o dito PXOU 1993. Dito plan xeral, tramitado ao abeiro dunha lexislación que xa non está vixente, non se axusta á realidade existente no referente á situación urbanística.

O documento de “Delimitación da rede secundaria de faixas de xestión da biomasa do Concello de Vigo”, aprobado inicialmente o 9 de maio de 2019, ao igual que o Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais, tiveron en conta o Plan Xeral do ano 1993 vixente á hora de delimitar o núcleos de poboación (solo urbano, de núcleo rural e urbanizable).

A raíz da antedita sentenza, o Concello acordou no ano 2015 comezar a tramitación dun novo plan xeral adaptado á lexislación vixente: a revisión do PXOU 1993.

No ano 2017, coa entrada en vigor da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de Medidas Fiscais, administrativas e de ordenación (LMFAO en adiante), posibilitouse a recuperación de parte da ordenación do plan anulado mediante a tramitación dunha ordenación provisional, polo que o Concello de Vigo decidiu elaborar un instrumento de ordenación provisional (IOP en adiante), mentres tramitaba o pertinente plan xeral de ordenación municipal, xa que o PXOM de 2008 se axustaba mais á realidade existente no termo municipal.

Este IOP tivo aprobación inicial en xullo de 2018, e xa o 24 de xullo de 2019 o Pleno do Concello de Vigo aprobou definitivamente este instrumento que permite recuperar gran parte do solo urbano do plan xeral anulado do ano 2008.

Esta ordenación “provisional”, tal e como o seu propio nome indica, ten unha vixencia temporal mentres se tramita un novo plan. Este IOP mantén a súa vixencia en tanto en canto se cumpran os prazos sinalados na tramitación do novo plan xeral (artigo 87 da LMFAO):

“En todo caso, o concello que aprrobe instrumentos de ordenación provisional dos previstos na presente lei deberá presentar o borrador do novo instrumento de planificación no prazo dun ano, aprobar inicialmente o novo instrumento no prazo de dous anos e aprobar provisionalmente o novo instrumento de ordenación no prazo de tres anos e seis meses. Os anteriores prazos contaránse cada un deles desde a data de publicación do acordo de aprobación definitiva do instrumento de ordenación provisional.

O cumprimento dos trámites a que fai referencia o parágrafo anterior dentro dos prazos sinalados para tales efectos é requisito inescusable para o mantemento da vixencia dos instrumentos de ordenación provisional aprobados de acordo co previsto na presente lei. Transcorrido calquera dos prazos sinalados sen se cumpriren os trámites previstos neste artigo, o instrumento de ordenación provisional aprobado esgotará a súa vixencia por ministerio do previsto na presente lei e quedará inmediatamente sen efecto”.

Como consecuencia da aprobación definitiva do IOP e a súa entrada en vigor, incorporouse o Anexo Complementario ao Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Vigo ao abeiro do Instrumento de Ordenación Provisional, que contén a delimitación da rede secundaria de faixas de xestión calculada segundo a nova clasificación de solo que xurde deste instrumento de planeamento.

Isto supón a clasificación “provisionalmente” dunha parte do termo municipal como solo urbano, xa que logo, neste anexo se considera a delimitación do solo urbano, de núcleo rural e urbanizable do PXOU 1993 superposta á nova delimitación do solo urbano do IOP. Comprobase que a nova delimitación do solo urbano, de núcleo rural e urbanizable se axusta



Concello de Vigo

ao PXOU 1993 e ao IOP aprobado definitivamente.

Unha vez calculadas as franxas perimetrais para a nova delimitación segundo o artigo 21 da LPDIFG, e fusionadas, se sinalan nos planos *04B Rede Secundaria de faixas de xestión da biomasa ao abeiro do IOP*. Ademais se acompaña o anexo coa nova relación de parcelas que xurde de acordo coa nova rede de faixas.

A rede secundaria de faixas de xestión da biomasa contida no Anexo Complementario (planos 04B e relación de parcelas) substituirá de xeito temporal á reflectida nos planos 04 do PMPDIF mentres manteña a súa vixencia o Instrumento de Ordenación Provisional, de acordo cos prazos fixados no artigo 87 da LMFAO.

III.2.- DENDE O PUNTO DE VISTA DA SEGURIDADE:

O PMPDIF remitido inclúe a delimitación da rede secundaria de faixas de xestión da biomasa.

Inclúese un anexo complementario ao Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Vigo ao abeiro do Instrumento de Ordenación Provisional (IOP); dito anexo componse dunha memoria e de dous subanexos que inclúen un xogo de planos 04B coa Rede secundaria de faixas de xestión de biomasa e unha Relación de parcelas afectadas pola rede de faixas de prevención e defensa contra os incendios forestais.

As redes secundarias de faixas de xestión de biomasa teñen un ámbito municipal e posúen a función prioritaria de protección dos núcleos poboacionais, as infraestruturas, os equipamentos sociais, as zonas edificadas, os parques e os polígonos industriais.

Desde a perspectiva que nos é propia advertimos que na elaboración do documento seguíuse unha técnica correcta de delimitación segundo o estipulado pola LPDIF.

A delimitación da rede secundaria de faixas de xestión da biomasa constitúe un contido preceptivo do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais. Aprobado este, as súas determinacións incorporaranse ao Plan Municipal de Emerxencias xestionado desde esta Área de Goberno e Administración Municipal (arts. 13.4, 16, 18, 20, 21 e concordantes da Lei 3/07 de Galicia; art. 31 e concordantes da Lei 5/07 de Emerxencias de Galicia).

III.3.- DENDE O PUNTO DE VISTA MEDIO AMBIENTAL:

III.3.1.- Respecto do seu contido:

O plan obxecto de informe define as redes de faixas secundarias de acordo co artigo 21 da LPDIFG e planeamento urbanístico vixente no termo municipal de Vigo, incluíndo un anexo adaptado ó Instrumento de Ordenación Provisional (IOP) aprobado polo Pleno do Concello de Vigo en sesión do 24 de xullo de 2019, segundo o informe da arquitecta municipal da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo obrante no expediente.

O Plan e a rede de faixas secundarias non inclúe nin o territorio das Illas Cíes, incluídas no Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas -Lei 15/2002, de 1 de xullo-, nin afecta á Illa de Toralla nin á ZEPA "ES0000499 Espazo marítimo das Rías Baixas de Galicia" (Orde do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente AAA/1260/2014, de 9 de xullo, declara determinadas Zonas de Especial Protección para las Aves en aguas mariñas españolas (BOE, xoves 17 de xullo de 2017) en aplicación da Lei 42/2007, de 13 de decembro; que se estende pola costa viguesa, cara o sur, dende esta illa. Tamén se excluíron as zonas de dominio público hidráulico.

En todo caso, as obrigas que conforme á LPDIFG teñan que cumprir os responsables dos terreos incluídos nas redes secundarias de faixa de xestión da biomasa delimitadas no presente plan, deberá realizarse cumprimento coas normas sectoriais que puideran resultar de aplicación e, no seu caso, obtendo as correspondes autorizacións ou efectuando as comunicacións/declaracións responsables que esixan as referidas normas sectoriais.

Polo demais, o LPDIFG fai unha análise do medio natural nos aspectos de: orografía, climatoloxía, precipitacións, balance hídrico, ventos, xeoloxía, edafoloxía, litoloxía, tectónica, hidroloxía, vexetación, fauna e usos do solo.

De seguido, procede ó análise da situación actual: monte, estrutura da propiedade, ecosistema forestal, combustible, risco de incendio, puntos potencialmente perigosos, clasificación índice de gravidade de incendios, densidade infraestruturas, redes de faixas de xestión da biomasa.

Por último, fai unha análise das infraestruturas de defensa (viais, puntos de auga, control da biomasa), dos medios para a prevención e defensa contra os incendios forestais, procedementos operativos, recolle diversa normativa de aplicación, formula propostas de mellora no eido da educación e sensibilización medio ambiental e de vixilancia da xestión da biomasa e remata cunha estimación económica que deriva, fundamentalmente, das obrigas que a LPDIFG establece ós municipios: comprobacións e, no seu caso, execucións subsidiarias polo incumprimento dos responsables da xestión da biomasa nas redes secundarias de faixas de xestión.

Asimesmo, reflicte graficamente en planos as análises realizadas.

A análise técnica que o documento fai dos aspectos indicados considerase axeitado.

III.3.2.- Respecto do procedemento de aprobación e a incidencia da normativa medio ambiental.

No que atinxe á aprobación do plan e a incidencia neste da normativa ambiental cómpre sinalar o seguinte:

A única previsión legal ao respecto do PMPDIF é que a súa aprobación debe ir precedida de informe preceptivo e vinculante da dirección xeral competente en materia forestal.

Examinadas as diversas normas de protección ambiental, Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, Real decreto legislativo 1/2016, de 16 de decembro, polo que se



Concello de Vigo

aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación, o PMPDIF en redacción non están suxeitos nin a avaliación ambiental estratéxica, nin a avaliación de impacto ambiental, nin a autorización ambiental integrada.

O referido documento ten por obxecto a protección do medio e, en especial, a protección civil fronte os incendios e as referidas normas eximen de autorización ambiental aqueles plans, programas, proxecto cuxo único obxectivo sexa a protección civil en casos de emerxencia.

Examinada, tamén, a Lei 27/2006, de 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente e, en concreto, os establecido nos artigos 16, 17 e 18 da referida norma tampouco se observa que o referido plan deba someterse as consultas públicas que sinala a esta lei para a súa elaboración, tendo en consideración que os documentos non inclúen ningunha disposición de carácter xeral -ordenanza- que obrigaría a observar ditos trámites.

Non obstante, o “Documento de Delimitación de Redes Secundarias de Faixas de Xestión da Biomasa do Concello de Vigo” foi sometido o trámite de información pública durante 20 días hábiles, co obxecto de que os responsables puideran identificar as parcelas suxeitas ás obrigas da LPFIFG e a fin de que as persoas que o desexen puideran formular alegacións, observacións e suxestións e, tralo análise destas, incorporouse a referida delimitación o Plan.

IV.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

IV.1.- Competencia municipal.-

Entre a competencias que o art. 7 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (LPDIFG) atribúe ás entidades locais, está a elaboración e aprobación do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais (PMPDIF), consonte ó previsto nas lexislacións galegas de prevención e extinción de incendios e de montes e cuxa elaboración, execución e actualización ten carácter de obriga (art. 16.4 LPDIFG).

O art. 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, establece como servizo mínimo de prestación obrigatoria nos concellos con poboación superior a 20.000 habitantes a prevención de incendios.

IV.2. O Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais.

Este planeamento configúrase como un plan especial para facer fronte ás emerxencias derivadas dos riscos dos incendios forestais e que, no nivel municipal, integrará nos plans de emerxencia municipais as actuacións de prevención e defensa contra os incendios forestais do municipio (art. 13 LPDIFG).

De conformidade co art. 16 da LPDIFG, a estrutura do plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais debe ser a establecida mediante orde da consellería competente en materia forestal -a día de hoxe non foi ditada a referida orde- e seguindo as

directrices fixadas na normativa en materia de emerxencias. Incluirá, ao menos, as pistas, vías, camiños, estradas e montes de titularidade municipal, a definición das redes de faixas secundarias, así como, a análise da propiedade destas redes de faixas.

Este planeamento pode incluír ordenanzas de prevención de incendios concordantes co obxecto da lei en solo urbano, núcleo rural e urbanizable situado a menos de 400 metros do monte.

O documento do PMPDIF segue a estrutura establecida na lexislación de aplicación, contén as determinacións mínimas que lle son esixibles é a técnica para a súa determinación considérase correcta segundos os informes emitidos polos servizos técnicos municipais.

IV.3.- Redes secundarias de faixas de xestión da biomasa que se inclúe no documento do PMPDIF.

Revisten especial importancia as redes de faixas de xestión da biomasa, que a Lei define como *“o conxunto de parcelas lineais do territorio estratexicamente situadas, onde se garante o control e eliminación total ou parcial da biomasa forestal, mediante técnicas silvícolas idóneas, co obxectivo principal de reducir o risco de incendios”* (art. 2.15 LPDIFG), polo tanto, instrumento fundamental en materia de prevención e defensa contra incendios forestais.

A xestión da biomasa que existe nos terreos forestais e zonas de influencia forestal realízase a través destas faixas, que o art. 20 da referida Lei divide en primarias, secundarias e terciarias. Correspóndelle ás entidades locais a xestión das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa (art. 7.e da LPDIFG), ás que a Lei lle atribúe como función prioritaria a *“protección dos núcleos poboacionais, as infraestruturas, os equipamentos sociais, as zonas edificadas, os parques e os polígonos industriais”*, así como, as faixas laterais de redes viarias da súa titularidade.

As referidas redes de faixas secundarias, cuxa xestión é de competencia municipal, deben quedar definidas no planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais (art. 16.2 LPDIFG).

A Xunta de Goberno Local en sesión do 09/05/2019, aprobou inicialmente o “Documento de delimitación da rede secundaria de faixas de xestión da biomasa do Concello de Vigo” o ter substantividade propia.

O dito documento someteuse a información pública polo prazo de 20 días hábiles mediante a inserción de anuncio no BOPPO do 06/06/2019, e estivo a disposición do pública, na web do Concello de Vigo, no Portal de Transparencia do Concello de Vigo e nas dependencias da Casa do Consistorial. Tamén, se efectuaron diversas comunicacións de difusión deste trámite a través da prensa local, asociacións e comunicades de montes veciñais en man común.

Durante o trámite de información pública presentáronse tres alegacións: Asociación Veciñal Cultural e Deportiva de San Xurxo de Saiáns (Doc. 190086575), Comunidade de Montes Teis (Doc. 190092356), C.M.V. San Xurxo de Saiáns (Doc. 190094401).



Concello de Vigo

As referencias alegacións, tralo seu estudo, foron informadas desfavorablemente polo equipo redactar polos seguintes motivos:

1.- Asociación Veciñal Cultural e Deportiva de San Xurxo de Saiáns (DOC. 190086575):

Resumo da Alegación: Solicita a inclusión de parcelas catastrais: 5793906NG1659S, 5793905NG1659S, 5793908NG1659S, 5793909NG1659S, 5793910NG1659S, 5793911NG1659S, 5793912NG1659S, 5793913NG1659S, 5793914NG1659S, 5793916NG1659S, 5793917NG1659S, 5793918NG1659S para proporcionar maior protección contra incendios.

Estudo da alegación: As parcelas que o alegante solicita que se inclúan na rede secundaria de faixas de xestión de biomasa, sitúanse xunto á Avda. de Ricardo Mella, en solo clasificado PXOU 93, vixente como solo urbano.

Toda a rede de faixa de xestión da biomasa, debe situarse sobre solo rústico. As parcelas sobre solo urbano, non é de aplicación a lei 3/2007, de 9 de abril de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais de Galicia.

Solución adoptada: Non acceder ao solicitado, por situarse as parcelas que reclama, se inclúan na rede de faixas de xestión de biomasa, sobre solo urbano (segundo PXOU 93, vixente), e non ser esta clase de solo, competencia da lei 3/2007 de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

2.- Comunidade de Montes Teis (Doc. 190092356):

Resumo da alegación: o alegante expón, que hai meses, que teñen coñecemento de unha proposta de faixas no monte da Parroquia de Teis a través da Man Comunidade de Montes de Vigo, co cal estaban de acordo, que é o plano que axunta na alegación.

Expón que no novo documento se establece "corredor de acceso", xunto ao depósito de auga, entre a Comunidade de Teis e Candeán, e argumenta que esta faixa non está a protexer ningún tipo de vía, que rompe o criterio establecido para localizar as faixas de xestión no monte de Teis.

Estudo da alegación: o criterio que se segue para o deseño da rede secundaria de faixas de xestión da biomasa e o que establece a lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, no seu artigo 21.

A faixa á que o alegante fai referencia xérase debido ao solo urbano existentes no PXOU 93, vixente, que delimita nas proximidades e que engloba os campos de fútbol de A Madroa e máis.

A partir de esta clasificación do solo, segundo planeamento, se xera unha faixa de 50 m dende o seu perímetro (segundo o apartado "a" do artigo 21 da lei 3/2007).

Polas argumentacións que plantexa, o alegante está a confundir a rede secundaria de faixas de xestión da biomasa, coa banda de ocupación do Anel Verde de Vigo, pertencente ao Anteproxecto de Ordenación forestal do Municipio de Vigo, que con anterioridade a delimitación de estas faixas, se proxectou, como rede de defensa e de acción ante o lume.

Solución adoptada: non acceder ao solicitado, por ser a delimitación da rede secundaria de faixas de xestión da biomasa, acorde á lei 3/2007 de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e necesaria xunto ao perímetro de solo urbano.

3.- C.M.V. San Xurxo de Saiáns (Doc. 190094401):

Resumo da alegación: A Comunidade de Montes de Saiáns, solicita retirar as parcelas catastrais: 54057A22300141, 142, 143, 148, 176, 177 e 289, por estar situadas a máis de 50 m do solo urbano e de vivendas habitadas, e porque o único que existe en ese ámbito son uns antigos muíños da nosa propiedade.

Estudo da alegación: As parcelas de faixa ás que se refire o alegante é a rede secundaria de Faixas de xestión, que rodea a construcións existentes e que segundo catastro, ten un uso industrial.

Aínda sendo muíños, puramente como uso lúdico, ou de museo etnográfico, o apartado "b" do artigo 21 da lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, expón: "O redor das edificacións destinadas a persoas, vivendas illadas, urbanización, vertedoiros, cámpings, gasoleiras e parques e instalacións industriais ubicadas a menos de 400 m do monte"

Os muíños son "edificacións destinadas a persoas". A Lei non distingue si son moi usados ou pouco, ou máis ou menos concorridos.

Os muíños son instalacións, onde se realiza unha actividade coa presenza de persoas, e se dispoñen no monte, polo que deben ser protexidos, estando isto no obxecto desta lei, onde di: "a presente lei ten por obxecto defender os montes ou terreos forestais fronte aos incendios e protexer ás persoas e os bens afectados polos mesmos,..."

Solución adoptada: non acceder ao solicitado, por que a actual rede de faixas secundarias existentes, proporciona protección as construcións ao tratarse de edificacións existente no monte, de uso de muíño e destinadas ás persoas.

Os técnicos municipais que subscriben este informe, consideran axustado a dereito o informado polo equipo redactor por canto a inclusión dun terreo ou non nas faixas secundarias de xestión da biomasa determinase en aplicación do establecido no artigo 21 da LPDIFG.

As redes secundarias definitivas de faixas de xestión da biomasa, resultado do trámite de información pública e da depuración de pequenos erros do documento inicial, incorpóranse no documento do PMPDIF.



Concello de Vigo

Por outra banda, ó Instrumento de Ordenación Provisional (IOP) aprobado polo Pleno do Concello de Vigo en sesión do 24 de xullo de 2019, publicado no BOPPO do 20/09/2019, modifica provisionalmente a clasificación de determinados terreos de solo urbano o que motivou a necesidade de incluír no PMPDIF un “Anexo Complementario ao Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Vigo ao abeiro do Instrumento de Ordenación Provisional”, que axusta as redes secundarias de faixas de xestión a esta IOP. Este anexo será de aplicación e manterá a súa vixencia mentres a manteña o IOP. As redes secundarias de xestión da biomasa incorporadas no anexo non supoñen modificación substancial respecto das sometidas a información pública, trátase de axustes na delimitación do solo urbano.

IV.4.- Consideracións económicas no PMPDIF.

O PMPDIF recolle a seguinte estimación de custes:

- Custes de educación e sensibilización ambiental: 5.000 €/ano
 - Vixilancia da xestión da biomasa: 50.000 €/ano
 - Actuacións por execución subsidiarias: 250.000 €/ano
- TOTAL 305.000 €/ano

Os gastos son meramente estimativos en función das labores de vixilancia e actuacións por execución subsidiarias que deban acometerse en cada momento, sen prexuízo da repercusión dos custes aos responsables das parcelas e as posibles subvencións que se poidan obter doutras administracións públicas.

Ditas actuacións financiaranse con cargo ás partidas orzamentarias que se habiliten ó efecto no correspondente exercicio orzamentario.

IV.5.- Procedemento aprobación do documento do PMPDIFG.

Polo que respecta ó procedemento de elaboración e aprobación do Plan, a única previsión legal ao respecto é que a súa aprobación debe ir precedida de informe preceptivo e vinculante da dirección xeral competente en materia forestal. Polo que, sen prexuízo desta especialidade, este procedemento tramitarase con suxeición á Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP), así como, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).

Examinadas as diversas normas de protección ambiental, Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, Real decreto lexislativo 1/2016, de 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación, o documento do PMPDIF no está suxeito nin a avaliación ambiental estratéxica, nin a avaliación de impacto ambiental, nin a autorización ambiental integrada.

O referido documento ten por obxecto a protección do medio e, en especial, a protección civil fronte os incendios e as referidas normas eximen de autorización ambiental aqueles plans, programas, proxecto cuxo único obxectivo sexa a protección civil en casos de emerxencia.

Examinada, tamén, a Lei 27/2006, de 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente e, en concreto, os establecido nos artigos 16, 17 e 18 da referida norma tampouco se observa que os referidos documentos teñan que someterse as consultas públicas que sinala a esta lei para a súa elaboración, tendo en consideración que os documentos non inclúen ningunha disposición de carácter xeral -ordenanza- que obrigaría a observar ditos trámites.

A normativa de aproveitamento e usos que se inclúe no plan é reprodución da establecida na lexislación de aplicación, en especial, na LPDIFG polo que o seu carácter normativa deriva da aplicación directa da Lei e non do plan.

En data do 02/03/2020 (doc. 200034889/2020), o subdirector xeral de Prevención da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, emite o informe favorable preceptivo e vinculante que esixe o artigo 16.3. da LPDIFG.

A Intervención xeral en data do 16/03/2020 emitiu informe que o presente expediente non se atopa sometido a fiscalización previa.

O presente procedemento administrativo ten por obxecto a aprobación do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais no Concello de Vigo o cal se configura como un plan especial para facer fronte ás emerxencias derivadas dos riscos dos incendios forestais no Concello de Vigo (artigo 13 LPDIFG), que se acentúan no período estival, polo que resulta indispensable para o interese xeral e ó funcionamento básico dos servizos públicos, o que motiva acordar a continuación do procedemento administrativo ao abeiro da Disposición adicional terceira do Rd 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xesión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Decreto 465/2020.

IV.6. Órganos competentes.-

O art. 16.4 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (LPDIFG), atribúelle ós alcaldes a coordinación e xestión do planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais. A elaboración, execución e actualización teñen carácter de obrigatorias, competencia do alcalde en virtude o art. 124.4.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

De conformidade coa resolución de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 18 de xuño de 2019 (BOPPO 01/08/2019), correspóndelle á Xunta de Goberno Local *“a aprobación de calquera programa, plan, proxecto, campaña ou promoción de actividades e/ou servizos de competencia municipal (...)”*.

Mediante acordo da XGL de data 05 de xullo de 2019 atribuíuse ó concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais a dirección e coordinación do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais. Así mesmo, mediante resolución de delegación de competencias da Alcaldía de data 13 de



Concello de Vigo

agosto de 2019 (BOPPO 2/09/2019), o concelleiro delegado desta área ostenta as competencias de elaboración, coordinación e xestión deste planeamento.

Por todo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Acordar a continuación da tramitación do procedemento administrativo núm. 104/105, ao abeiro do establecido na Disposición adicional terceira do Rd 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Decreto 465/2020, ó ter por obxecto a aprobación definitiva do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais no Concello de Vigo, que se configura como un plan especial para facer fronte ás emerxencias derivadas dos riscos dos incendios forestais, polo que resulta indispensable para o interese xeral e o funcionamento básico dos servizos públicos, máxime tendo en conta a proximidade do período estival.

SEGUNDO. Desestimar as alegacións presentadas por Asociación Veciñal Cultural e Deportiva de San Xurxo de Saiáns (Doc. 190086575), Comunidade de Montes Teis (Doc. 190092356), C.M.V. San Xurxo de Saiáns (Doc. 190094401), en relación coa delimitación das redes secundarias de xestión de biomasa do Concello de Vigo sometida a información pública, de conformidade cos fundamentos de feito e dereito recollidos na parte expositiva deste acordo.

TERCEIRO: Aprobar definitivamente o “**Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Vigo -PMPDIF-**”, asinado electronicamente polos técnicos competentes da entidade Cartoplan Atlántico, S.L. en datas 13 e 15 de setembro de 2019, por encargo da Concellería delegada da Área de Parques e Xardíns, que incorpora a delimitación definitiva das redes secundarias de xestión da biomasa.

CUARTO: Publicar o plan definitivamente aprobado na páxina web do Concello de Vigo (<http://www.vigo.org>), así como, no seu Portal de Transparencia, e o presente acordo no BOPPO para xeral coñecemento.

QUINTO: Dar conta deste acordo a subdirección xeral de prevención da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia para seu coñecemento.

SEXTO: Contra o presente acordo que pon fin a vía administrativa, consonte os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición contencioso-administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto

expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(217).- NOMEAMENTO INTERINO, POR EXECUCIÓN DE PROGRAMA TEMPORAL, DE CATRO AUXILIARES DE ADMINISTRACIÓN XERAL PARA O SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 35381/220.

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

8(218).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DOUS/DÚAS OFICIAIS SEPULTUREIROS/AS POR UN PERÍODO DE SEIS MESES PARA O SERVIZO DE CEMITERIOS. EXPTE. 35591/220.

Visto o informe de fiscalización de data 27/03/2020, dáse conta do informe-proposta do 26/03/2020, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data de sinatura electrónica, o Xefe de servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo coa conformidade da Concelleira de Medio Ambiente e Vida Saudable, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de dous oficiais sepultureiros/as para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, a tenente de alcalde e concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, mediante instrución de servizo de data 18 de marzo, solicitou á área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de dous oficiais sepultureiros/as por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses. Elo para garantir o normal funcionamento do servizo ante a situación de Estado de alarma decretado polo Consello de Ministros no RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19.

3.- Con data de sinatura electrónica, emítese polo técnico de Organización e Planificación de RR.HH. informe técnico que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

4.- *No expediente 35492-220, consta dilixencia asinada polo interventor segundo a cal: "o órgano interventor recibirá o expediente orixinal completo, unha vez reunidos todos os xustificantes y emitidos os informes preceptivos, e cando esté en disposición de que se dicte*



Concello de Vigo

acordo polo órgano competente”, remítese o expediente a Area Xestora; o non ser o momento nin o prazo procesal regulamentario para o exercicio da función interventora.”

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º)** cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”

II.- Excepcionalidade da suspensión de prazos. DA 3º RD 463/2020.

Conforme ao disposto no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, como consecuencia da situación de crise sanitaria e posterior declaración do estado de alarma, como regra xeral se suspenden a totalidade dos trámites e se interrompen os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público.

Con todo, a suspensión, no ámbito municipal, pode excepcionarse, tal e como recolle a Disposición Adicional Terceira do RD 463/2020, na redacción dada ao seu apartado cuarto polo RD 465/2020, nos seguintes supostos:

2.1. Medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que éste manifieste a súa conformidade

2.2. Cando o interesado manifieste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo

2.3. Continuación daqueles procedementos administrativos referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma,



Concello de Vigo

2.4. Continuación daqueles procedementos administrativos indispensables para a protección de interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.

No caso que nos ocupa, estamos ante a excepción contemplada no apartado catro anteriormente referenciado, sendo necesario para a protección do interese xeral, a necesidade de incorporar persoal interino asignado, a funcións no ámbito funerario (cemiterios municipais), polo que procede a continuación do procedemento administrativo de nomeamento interino de dous/dúas oficiais sepultureiros (expte 35591-220)

III.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód.205-oficial sepultureiro/a), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou

unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

É preciso lembrar o informado no expediente 33833-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2020) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estes efectos “Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas.”

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de data de sinatura electrónica do xefe de servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo coa conformidade da Concelleira de Medio Ambiente e Vida Saudable así coma na instrución da tenente de alcalde e concelleira delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal de data 18 de marzo de 2020, no que se ordena o inicio do expediente. A estes efectos é preciso ter en conta a necesidade de garantir o normal funcionamento do servizo ante a situación de Estado de alarma decretado polo Consello de Ministros no RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionado polo COVID-19. O presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de



Concello de Vigo

agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

V.- Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico emitido polo técnico de Organización e Planificación de RR.HH. que consta no expediente e ao cal nos remitimos na súa integridade para evitar reiteracións innecesarias, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses de dous oficiais sepultureiros/as para o Servizo de Cemiterios, supón un gasto de **25.402,88 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **9.355,20 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

Igualmente se fai constar que : *“O custo dos referidos nomeamentos imputaranse a aplicación orzamentaria 92001400000 do orzamento do exercicio 2020, no que respecta a retribucións e a aplicación orzamentaria 920.0.1600099 no que respecta aos custes da seguridade social.”*

VI. - Verificación das listas de reserva e xustificación de utilización excepcional da lista de Oficiais sepultureiros caducada o 07/07/2019:

Ante a situación de Estado de alarma decretado polo Consello de Ministros no RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19, e como consecuencia inevitable da referida situación excepcional de imposibilidade de desenvolver un proceso selectivo, para poder formar nova bolsa de oficiais sepultureiros; é preciso utilizar a anterior lista a pesar da súa caducidade dende o 07/07/2019, excepciónando unicamente neste caso e dadas as circunstancias descritas o punto V dos vixentes Criterios de Xestión de listas de reserva no ámbito do Concello de Vigo, aprobados pola Xunta de Goberno local, e que establecen con carácter xeral unha caducidade de tres anos das listas.

A este respecto, indicar que consta comunicación electrónica de data 18/03/2020, manifestando a conformidade do Comité de Persoal para utilizar *“dunha maneira excepcional e a vista do COVID19”*, a utilización da bolsa de Oficiais sepultureiros referida.

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente:

*“Que verificada a anterior lista de reserva, utilizada excepcionalmente ante a imposibilidade de desenvolver un proceso selectivo, dada a situación de Estado de alarma decretado polo Consello de Ministros no RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19; e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como oficiais sepultureiros de: F. Rey Gómez, con dni nº.: ***9132**, e A.B. Castro Duarte, con dni nº.: ***0601**. Todo elo á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”*

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente, mediante escritos que constan anexados ao expediente, optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando

neste área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VII. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da área de Recursos Humanos e Formación e da tenente de alcalde e concelleira-delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por decretos da Alcaldía de 18/06/2019 e 26/06/2019, e acordos da XGL de 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Acordar a continuación da tramitación do presente procedemento administrativo de nomeamento interino de dous oficiais sepultureiros/as(expte 35591-220), ao abeiro do establecido na Disposición adicional terceira do Rd 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Decreto 465/2020, ao ter por obxecto a causa de interese xeral concretada na necesidade urxente de incorporación de persoal interino con urxencia asignada a funcións no ámbito funerario (cemiterios municipais).

SEGUNDO: Declarar a urxencia no nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **oficiais sepultureiros/as** ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades do **Servizo de Cemiterios**, contidas no escrito do 21/11/19 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **25.402,88 €**, xunto a cantidade de **9.355,20 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte as retribucións dos referidos nomeamentos e a aplicación orzamentaria 920.0.1600099 no que respecta aos custes da seguridade social.

TERCEIRO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, como Oficiais sepultureiros/as a: *F. Rey Gómez, con dni nº.: ***9132***, e *A.B. Castro Duarte, con dni nº.: ***0601***, na súa condición de seguintes aspirantes nas listas que superaron todos os exercicios e verificada a anterior lista de reserva, utilizada excepcionalmente ante a imposibilidade de desenvolver un proceso selectivo, dada a situación de Estado de alarma decretado polo Consello de Ministros no RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19, todo elo á vista dos datos proporcionados polo programa informático para a xestión das listas de reserva.



Concello de Vigo

CUARTO: Dispoñer que os referidos nomeamento faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 205-oficial sepultureiro/a), sendo adscritos/as ao Servizo de Control de Pragas, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

QUINTO: Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

SEXTO: Notificar o presente acordo ós/ás aspirantes nomeados/as, ao Xefe de servizo de Medio Ambiente, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da área de Recursos Humanos e Formación, Inspección de Persoal e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(219).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE UN CONVENIO COA ASOCIACIÓN “CINE CLUBE LUMIÈRE VIGO”, PARA A ORGANIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE CINE EN VERSIÓN ORIXINAL PARA O EXERCICIO 2020. EXPTE. 3213/330.

Visto o informe xurídico do 02/03/2020 e o informe de fiscalización do 25/03/2020, dáse conta do informe-proposta do 27/03/2020, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, a secretaria de Admón. Municipal, o concelleiro-delegado de Cultura e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal o 27 de xaneiro do 2020, a asociación “Cineclubes Lumière Vigo” presenta escrito de solicitude de subvención para a organización do programa de cine en versión orixinal durante o exercicio 2020; por este motivo, con data 5

de febreiro do 2020, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 10.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.02 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A entidade “CINECLUB LUMIÈRE VIGO” é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por finalidade, entre outras, a programación de proxeccións cinematográficas periódicas, sendo a única entidade deste tipo existente na provincia de Pontevedra e das tres existentes na comunidade autónoma galega. Dende hai anos ven levando acabo unha importante labor na cidade de Vigo de desenvolvemento do cine, mediante a organización de ciclos estables de programación cinematográfica, en versión orixinal.

PROGRAMACIÓN DO ANO 2020:

As previsións son manter a programación habitual todos os luns do ano agás os meses de xullo e agosto. A programación dos meses irase consensuando mensualmente coa Concellería de Cultura en función dos diferentes aspectos que xordan entre os que se inclúen posibles estreos ou temas de interese en cada momento concreto.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 20.141,58 € (VINTE MIL CENTO CORENTA E UN CON CINCUENTA E OITO EUROS), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 10.000 € (49,64 %)
- Cotas de socios e colaboradores: 5.345 € (26,53%)
- Venda entradas: 4.103 € (20,37%)
- Publicidade: 693,58 € (3,44%)

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito de aceptación do proxecto de convenio (presentado na sede electrónica o 17.02.2020)



Concello de Vigo

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á entidade “Cine Clube Lumiere Vigo”, para a organización da programación de cine en versión orixinal correspondente ao ano 2020 obxecto do presente convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa ao “Cine Clube Lumiere Vigo” deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2020, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Cine Clube Lumiere Vigo” ten como obxecto financiar a organización da programación de cine en versión orixinal correspondente ao ano 2020, figurando na aplicación **3340.480.00.02** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 10.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo a “Cine Clube Lumiere Vigo” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

No expediente consta informe xurídico favorable de data 02.03.2020 e informe de fiscalización no mesmo senso de data 25.03.2020

Respecto a tramitación cabe sinalar a disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, determina a suspensión dos trámites e interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. N onstante dita disposición adicional 3ª do RD 463/2020, do 14 de marzo determina que o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo.

Visto que o interesado/a manifestou a súa conformidade con continuar a tramitación do expediente e que non se suspenda o prazo procede a continuidade na tramitación do expediente polo que coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.- Continuar a tramitación do expediente administrativo de outorgamento de subvención nominativa mediante convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación "Cineclubes Lumière Vigo" para a organización da programación de cine en versión orixinal para o exercicio 2020, xa que se acreditou no expediente a conformidade do interesado de que non se suspenda o prazo (presentado na sede electrónica o 26.03.2020) e desta forma evítase un prexuízo grave nos dereitos e intereses do administrado.

SEGUNDO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 10.000 € (dez mil euros) á asociación "Cineclubes Lumière Vigo", CIF. G36758696, para o financiamento da programación de cine en versión orixinal correspondente ao ano 2020, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.02 "CINE CLUBES LUMIERE, CINE EN VERSIÓN ORIXINAL", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

TERCEIRO.- Que se aprrobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e o Cine Clubes Lumière que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento da programación de cine en versión orixinal correspondente ao ano 2020".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN "CINECLUBE LUMIÈRE VIGO", PARA A ORGANIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE CINE EN VERSIÓN ORIXINAL PARA O EXERCICIO 2020

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo no decreto de delegación de competencias de data 26 de xuño de 2019,

Doutra, D. Xoan Manuel Novegil González-Anleo, na súa condición de presidente da asociación "Cineclube Lumiere Vigo" (CIF: G-36.758.696) (en adiante a ASOCIACIÓN), con enderezo na rúa Doctor Cadaval núm. 33, 4º A, 36201 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

I.- Que "CINECLUB LUMIÈRE VIGO" é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por finalidade, entre outras, a programación de proxeccións cinematográficas periódicas, sendo a única entidade deste tipo existente na provincia de Pontevedra e das tres existentes na comunidade autónoma galega. Dende hai anos ven levando acabo unha importante labor na cidade de Vigo de desenvolvemento do cine, mediante a organización de ciclos estables de programación cinematográfica, en versión orixinal.

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da asociación "**CINE CLUBE LUMIERE VIGO**", como medio que é de promover a música na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.02, como subvención nominativa, a favor da asociación "**CINE CLUBE LUMIERE VIGO**", a cantidade de 10.000 euros.*

*IV.- Que a asociación "**CINE CLUBE LUMIERE VIGO**" non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para a organización da programación do cine en versión orixinal para o exercicio 2020, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 20.141,58 € (VINTE MIL CENTO CORENTA E UN CON CINCUENTA E OITO EUROS), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 10.000 € (49,64 %)*
- Cotas de socios e colaboradores: 5.345 € (26,53%)*
- Venda entradas: 4.103 € (20,37%)*
- Publicidade: 693,58 € (3,44%)*

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

As previsións son manter a programación habitual todos os luns do ano agás os meses de xullo e agosto. A programación dos meses irase consensuando mensualmente coa Concellería de Cultura en función dos diferentes aspectos que xordan entre os que se inclúen posibles estreos ou temas de interese en cada momento concreto.

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- 1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Xoan Manuel Novegil González-Anleo, presidente da entidade.*
- 2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización*



Concello de Vigo

dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

- 3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).*
- 4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.*
- 5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.*
- 6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina "vigocultura.org" e demais canles oficiais.*
- 7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).*
- 8. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.*
- 9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.*

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- 1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.*
- 2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (10.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.*

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.



Concello de Vigo

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, O10, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- *Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 10 de novembro do 2020.*
- *Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.*
- *Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:*
 1. *Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.*
 2. *Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.*
 3. *Memoria de prensa.*
 4. *Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.*
 5. *Reportaxe fotográfica.*
- *Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.*
- *Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.*
- *As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.*
- *Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.*
- *Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.*

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:



Concello de Vigo

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2020 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarallo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto

presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2020, e non será prorrogable.



Concello de Vigo

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

10. ORZAMENTO

Previsión de gastos e ingresos no periodo do 16 de novembro de 201
novembro de 2020

GASTOS

CONCEPTO

Aluguer de películas	6.930, 00 Euros
Aluguer de oficina	2.501, 42 Euros
Portes	344, 73 Euros
Organización, xestión e gastos de oficina	10.365, 43 Euros

TOTAL 20.141, 58 Euros

INGRESOS

Cotas de socios e colaboradores	5.345,00 Euros
Venda de entradas	4.103,00Euros
Publicidade	693,58 Euros
Subvención de Cultura Concello de Vigo	10.000,00 Euros

TOTAL 20.141,58 Euros



Concello de Vigo

10(220).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE UN CONVENIO CO CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO, PARA A ORGANIZACIÓN DO FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES “NAS ONDAS 2020”. EXPTE. 3220/330.

Visto o informe xurídico do 03/03/2020 e o informe de fiscalización do 30/03/2020, dáse conta do informe-proposta do 30/03/2020, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, a secretaria de Admón. Municipal, o concelleiro-delegado de Cultura e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda:

Con data da sede electrónica municipal 31 de xaneiro do 2020, o Conservatorio Superior de Música de Vigo presenta escrito de solicitude de subvención para a organización do Festival da Música e das Artes nas ondas 2020; por este motivo, con data 5 de febreiro do 2020, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 4.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.12 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

O Conservatorio Superior de Música de Vigo é un centro educativo dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, creado na nosa cidade no ano 1956, que ademais realiza actividades de tipo cultural abertas a toda a cidadanía, entre elas o programa *FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES “NAS ONDAS”*.

PROGRAMACIÓN DO ANO 2020:

PROGRAMA:

Semana da Música Antiga

Do 10 ao 12 de febreiro

- Relatorio: "A retórica en Händel" / Olga Fernández Roldán.
- Concerto Utricularia / L. Prado (gaita), P. Rodríguez (viola da gamba), E. Blanco (cravo).
- Concerto L'incontro affortunato. Unha conversa entre sonatas / Profesores do Departamento de Música Antiga do CSMVigo P. Amílcar. De Piano

Do 18 de febreiro ao 24 de marzo

- Concerto Villalobos, Piazzolla, Liszt, Chopin... / Nuria Casas (piano), Alejandro Fírvida (piano).
- Concerto Albéniz e Beethoven / Salomé Garrido (piano), Iria San Marcial (piano).
- Concerto Lembrando a Franz Schubert / Betty Cortiñas (piano).
- Concerto Debussy, Schumann, Rachmaninov / Iago García (piano) Andrés Montenegro (piano).
- Exposición Pianos Yamaha.
- Concertos de Bach para teclados / Ma J. Cid (piano), I. Gil (piano), N. Gradaille (piano), P. Rejas (piano).
- Concerto Variacións para piano de Beethoven / Alumnos de piano do CSMVigo.

Semana do Clarinete

Do 2 ao 4 de marzo.

- Clases maxistras-clarinete / Lorenzo Coppola, Reinhard Whele, Kristijan Boros, Roman Vovk, Nuno Pinto, Massimo Mazzone e Claudio Conti.
- Concerto Semana do clarinete / Profesores invitados e alumnos.

Programa Erasmus +

Concertos do profesorado visitante

- Laura Levai Aksin (fauta) e Zoran Krajisnik (guitarra).
- Universidade das Artes de Novi Sad (Serbia). Do 28 ao 30 de outubro de 2019. Concerto: 28-10-2019.
- Stephan Schilling (clarinete).
- Universidade das Artes de Graz (Austria). Do 9 ao 10 de decembro de 2019.
- Sabrina Zelic (piano).
- Academia de Música da Universidade de Zagreb. Do 10 ao 13 de febreiro de 2020. Concerto: 13-02-2020.
- Bari Saxophone Quartet. Paolo Debenedetto, Valter Nicodemi, Antonello Ustino, Roberto Micarelli.
- Conservatorio de Música "Niccolò Piccinni" de Bari. Do 18 ao 20 de febreiro de 2020. Concerto: 19-02-2020.
- Elena Cecconi (fauta). Alessandria. Do 2 ao 4 de marzo de 2020.
- Alessandro Tenaglia (música de cámara). Pesaro. Do 20 ao 24 de abril de 2020.
- Pavao Masic. Academia de Música da Universidade de Zagreb. Do 24 ao 26 de marzo de 2020.
- Silvia Belfiore (piano). Pavia. Do 4 ao 8 de maio de 2020.

Saxornadas

Do 20 ao 23 de abril.

- Clases maxistras-saxofón / Javier Rodríguez García (CSM Principado de Asturias), Dragan Sremec (Universidade de Zagreb).
- Conferencia-concerto: "Sensophone", o saxofón ampliado / Javier R.quez García (saxofón).
- Concerto Dúo saxofóns Sremec-Yebra / Dragan Sremec (Universidad de Zagreb), Rafael Yebra (CSMVigo).
- Concerto Dúo saxofón e piano / Alejandro Troya (saxofón), Pablo R.quez (piano).

Explurart

Do 26 de marzo ao 13 de maio.

- Concerto Bolboreta / Ensemble Vexel.
- Concerto Música para piano / Alberto Vilas (piano e composición).
- Concerto Alma e cORpo / Alumnos de percusión do CSMVigo.
- Concerto Trío clarinete, violonchelo e piano / E. Valverde (clarinete), Ana Torres (violonchelo), Cristina García (piano).
- Relatorio: Songs through the ages / Felix Justen.
- Concerto Kunstlieder - Chansons und Volkslieder / Beatriz Arenas (soprano), Felix Justen (guitarra).
- Concerto Trío Voluntas / R. Noche (clarinete), A. Costas (violonchelo), P. Rejas (piano).
- Concerto Multiplensemble / R. Yebra (saxofóns), B. Vidal (piano), D. R.quez (percusión).



Concello de Vigo

- Relatorio: Achegamento á música camerística de Salvador Brotóns / Salvador Brotóns.
- Concerto monográfico sobre Salvador Brotóns / F. Raña (fauta), R. Pazo (oboe), R. Biveiniene (piano).
- Concerto As Sonatas Op. 102 para Violonchelo e Piano de Beethoven / A. Quintanilla violonchelo), N. Gradaille (piano).

Abrente

- Xira galega 2020 / Aula de Saxofón do CSMVigo. CMUS Profesionais de Tui, Ourense e Vigo.
- Concerto Encontro das Orquestras dos CMUS Profesionais de Pontevedra
- Xornadas de Portas Abertas. Do 4 ao 8 de maio.
- Concerto IV Encontro das orquestras dos CSM de Galicia. 10-05-2020.
- Charlas informativas nos Conservatorios Profesionais e centros educativos. Maio de 2020.
- Clases maxistras nos Conservatorios Profesionais. Abril-Maio de 2020.
- Concerto de Premiados no VI Concurso de Música de Cámara do CSM de Vigo. 2 de xuño de 2020, Auditorio de Praza do Rei, 20:30 h.

Semana das Letras Galegas

- Do 12 ao 14 de maio de 2020.
- Concerto Orquestra Sinfónica do CSMVigo / J. C. Díaz (dir.).
- Romaría no Castro.
- Concerto Recital de poesía musicada / J. M. Fernández (coord.).

Outros actos

- Relatorio: A postura do músico. María del Carmen Rodríguez Rodríguez. 23 de marzo de 2020.
- Concerto Banda de Música do CSMVigo / J. C. Díaz (dir.).
- Acto de fin de curso: Concertos e entrega de premios dos concursos de Solistas e Música de Cámara; Acto de gradación. 4 de xuño de 2020

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 16.000 € (dezaseis mil euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 4.000 € (25%)
- Dirección Xeral do Centro e Recursos Humanos: 10.000 € (62,5%)
- Fondos propios: 2.000 € (12,50 %)

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia

- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito de aceptación do proxecto de convenio (presentado na sede electrónica o 18.02.2020)
- Declaración de conformidade coa non suspensión de prazos pola declaración do Estado de Alarma (presentado na sede electrónica o día 28.03.2020)

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo ao Conservatorio Superior de Música de Vigo, para a organización do Festival da Música e das Artes Vigo nas Ondas 2020, obxecto do presente convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa ao Conservatorio Superior de Música de Vigo deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2020, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.



Concello de Vigo

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo ao “Conservatorio Superior de Música de Vigo” ten como obxecto financiar a organización do Festival da Música e das Artes Nas Ondas 2020, figurando na aplicación **3340.480.00.12** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 4.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo ao “Conservatorio Superior de Música de Vigo” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Respecto a tramitación cabe sinalar a disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, determina a suspensión dos trámites e interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. Nembargantes a dita disposición adicional 3ª do RD 463/2020, do 14 de marzo determina que o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrucción estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo.

Visto que o interesado manifestou a súa conformidade con continuar a tramitación do expediente e que non se suspenda o prazo, procede a continuidade na tramitación do expediente polo que coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.- Continuar a tramitación do expediente administrativo de subvención nominativa mediante convenio entre o Concello de Vigo e o “Conservatorio Superior de Música de Vigo” para a organización do Festival da Música e das Artes “Nas Ondas 2020” xa que se acreditou no expediente a conformidade do interesado de que non se suspenda o prazo e desta forma evítase un prexuízo grave nos dereitos e intereses do administrado

SEGUNDO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 4.000 € (catro mil euros) ao Conservatorio Superior de Música de Vigo , CIF. Q-8650014G, para o financiamento do Festival da Música e das Artes Nas Ondas 2020, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.12

“SUBVENCIÓN CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA, FESTIVAL NAS ONDAS”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

TERCEIRO.- Que se aprrobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e o Conservatorio Superior de Música de Vigo que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do Festival da Música e das Artes nas Ondas 2020”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O “CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO”, RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES NAS ONDAS 2020

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo no decreto de delegación de competencias de data 26 de xuño de 2019,

Doutra, D. Esteban Valverde Corrales, na súa condición de director do Conservatorio Superior de Música de Vigo (CIF: Q-8650014-G) (en adiante a ENTIDADE), con enderezo na rúa Manuel Olivié número 23, CP 36203 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

I.-Que o “CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO” é un centro educativo dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, creado na nosa cidade no ano 1956, que ademais realiza actividades de tipo cultural abertas a toda a cidadanía, entre elas o programa FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES “NAS ONDAS”.

II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle reconece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación do “CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO”, como medio que é de promover a música na cidade.



Concello de Vigo

III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.12, como subvención nominativa, a favor do **CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO**, a cantidade de 4.000 euros.

IV.- Que a **O CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a **CONCELLERÍA** e maila **ENTIDADE** para desenvolver o programa do "Festival da Música e das Artes Nas Ondas 2020", que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola **ASOCIACIÓN**, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 16.000 € (dezaseis mil euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 4.000 € (25%)
- Dirección Xeral do Centro e Recursos Humanos: 10.000 € (62,5%)
- Fondos propios: 2.000 € (12,50 %)

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

PROGRAMA:

Semana da Música Antiga

Do 10 ao 12 de febreiro

- *Relatorio: "A retórica en Händel" / Olga Fernández Roldán.*
- *Concerto Utricularia / L. Prado (gaita), P. Rodríguez (viola da gamba), E. Blanco (cravo).*
- *Concerto L'incontro affortunato. Unha conversa entre sonatas / Profesores do Departamento de Música Antiga do CSMVigo P. Amílcar. De Piano*

Do 18 de febreiro ao 24 de marzo

- *Concerto Villalobos, Piazzolla, Liszt, Chopin... / Nuria Casas (piano), Alejandro Fírvida (piano).*
- *Concerto Albéniz e Beethoven / Salomé Garrido (piano), Iria San Marcial (piano).*
- *Concerto Lembrando a Franz Schubert / Betty Cortiñas (piano).*
- *Concerto Debussy, Schumann, Rachmaninov / Iago García (piano) Andrés Montenegro (piano).*
- *Exposición Pianos Yamaha.*
- *Concertos de Bach para teclados / Ma J. Cid (piano), I. Gil (piano), N. Gradaille (piano), P. Rejas (piano).*
- *Concerto Variacións para piano de Beethoven / Alumnos de piano do CSMVigo.*

Semana do Clarinete

Do 2 ao 4 de marzo.

- *Clases maxistras-clarinete / Lorenzo Coppola, Reinhard Whele, Kristijan Boros, Roman Vovk, Nuno Pinto, Massimo Mazzone e Claudio Conti.*
- *Concerto Semana do clarinete / Profesores invitados e alumnos.*

Programa Erasmus +

Concertos do profesorado visitante

- *Laura Levai Aksin (fauta) e Zoran Krajisnik (guitarra).*
- *Universidade das Artes de Novi Sad (Serbia). Do 28 ao 30 de outubro de 2019. Concerto: 28-10-2019.*
- *Stephan Schilling (clarinete).*
- *Universidade das Artes de Graz (Austria). Do 9 ao 10 de decembro de 2019.*
- *Sabrina Zelic (piano).*
- *Academia de Música da Universidade de Zagreb. Do 10 ao 13 de febreiro de 2020. Concerto: 13-02-2020.*
- *Bari Saxophone Quartet. Paolo Debenedetto, Valter Nicodemi, Antonello Ustino, Roberto Micarelli.*



Concello de Vigo

- Conservatorio de Música "Niccolò Piccinni" de Bari. Do 18 ao 20 de febreiro de 2020. Concerto: 19-02-2020.

- Elena Cecconi (frauta). Alessandria. Do 2 ao 4 de marzo de 2020.
- Alessandro Tenaglia (música de cámara). Pesaro. Do 20 ao 24 de abril de 2020.
- Pavao Masic. Academia de Música da Universidade de Zagreb. Do 24 ao 26 de marzo de 2020.
- Silvia Belfiore (piano). Pavia. Do 4 ao 8 de maio de 2020.

Saxornadas

Do 20 ao 23 de abril.

- Clases maxistrals-saxofón / Javier Rodríguez García (CSM Principado de Asturias), Dragan Sremec (Universidade de Zagreb).
- Conferencia-concerto: "Sensophone", o saxofón ampliado / Javier R.quez García (saxofón).
- Concerto Dúo saxofóns Sremec-Yebra / Dragan Sremec (Universidad de Zagreb), Rafael Yebra (CSMVigo).
- Concerto Dúo saxofón e piano / Alejandro Troya (saxofón), Pablo R.quez (piano).

Explurart

Do 26 de marzo ao 13 de maio.

- Concerto Bolboreta / Ensemble Verxel.
- Concerto Música para piano / Alberto Vilas (piano e composición).
- Concerto AlmA e cORpo / Alumnos de percusión do CSMVigo.
- Concerto Trío clarinete, violonchelo e piano / E. Valverde (clarinete), Ana Torres (violonchelo), Cristina García (piano).
- Relatorio: Songs through the ages / Felix Justen.
- Concerto Kunstlieder - Chansons und Volkslieder / Beatriz Arenas (soprano), Felix Justen (guitarra).
- Concerto Trío Voluntás / R. Noche (clarinete), A. Costas (violonchelo), P. Rejas (piano).
- Concerto Multiplensemble / R. Yebra (saxofóns), B. Vidal (piano), D. R.quez (percusión).
- Relatorio: Achegamento á música camerística de Salvador Brotóns / Salvador Brotóns.
- Concerto monográfico sobre Salvador Brotóns / F. Raña (frauta), R. Pazo (oboe), R. Biveiniene (piano).

- *Concerto As Sonatas Op. 102 para Violonchelo e Piano de Beethoven /A. Quintanilla violonchelo), N. Gradaille (piano).*

Abrente

- *Xira galega 2020 / Aula de Saxofón do CSMVigo. CMUS Profesionais de Tui, Ourense e Vigo.*
- *Concerto Encontro das Orquestras dos CMUS Profesionais de Pontevedra*
- *Xornadas de Portas Abertas. Do 4 ao 8 de maio.*
- *Concerto IV Encontro das orquestras dos CSM de Galicia. 10-05-2020.*
- *Charlas informativas nos Conservatorios Profesionais e centros educativos.*

Maio de 2020.

- *Clases maxistras nos Conservatorios Profesionais. Abril-Maio de 2020.*
- *Concerto de Premiados no VI Concurso de Música de Cámara do CSM de Vigo. 2 de xuño de 2020, Auditorio de Praza do Rei, 20:30 h.*

Semana das Letras Galegas

- *Do 12 ao 14 de maio de 2020.*
- *Concerto Orquestra Sinfónica do CSMVigo / J. C. Díaz (dir.).*
- *Romaría no Castro.*
- *Concerto Recital de poesía musicada / J. M. Fernández (coord.).*

Outros actos

- *Relatorio: A postura do músico. María del Carmen Rodríguez Rodríguez. 23 de marzo de 2020.*
- *Concerto Banda de Música do CSMVigo / J. C. Díaz (dir.).*
- *Acto de fin de curso: Concertos e entrega de premios dos concursos de Solistas e Música de Cámara; Acto de gradación. 4 de xuño de 2020*

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. *Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Esteban Valverde Corrales, presidente da entidade.*



Concello de Vigo

2. *Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.*
3. *Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).*
4. *Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.*
5. *Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.*
6. *Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina "vigocultura.org" e demais canles oficiais.*
7. *Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.*

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8. *A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.*
9. *Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.*

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. *Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.*

2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (4.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.



Concello de Vigo

As citadas modificacións, propostas no presente Modificado nº 1, das obras de " IMPLANTACIÓN DA VÍA CICLISTA ENTRE TEIS E SAMIL ", se estiman que non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial e que son de interese público e que as mesmas se encontran contempladas nos ámbitos do definido no apartado 15 b. das FEC, tal como se define no presente informe.



Concello de Vigo

Asemade considerase que o modificado non suma prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, non amplía o obxecto do contrato e non cumpre finalidades novas non consideradas na documentación preparatoria deste, e non incorpora unha prestación susceptible de utilización o aproveitamento independente. As modificacións que se propoñen non alteran as condicións esenciais de adjudicación e de licitación, recollidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, que rexen a contratación das obras de "IMPLANTACIÓN DA VÍA CICLISTA ENTRE TEIS E SAMIL".

Para a creación de prezos contraditorios recollidos no presente Proxecto modificado nº 1, tomáronse os prezos referidos á data de licitación das obras e determináronse coas mesmas bases que as do proxecto orixinal aprobado, de acordo co artigo 150 do Regulamento Xeral de Contratación do Estado e a Cláusula 60 do Prego de Cláusulas Administrativas Xerais, para a contratación de Obras do Estado.

As modificacións propostas neste expediente, en base ao exposto anteriormente, cuantitativamente resultan ser superiores ao PEM, como resúmese nas táboas seguintes:

Resumen	PROXECTO	PROXECTO	VARIACIÓN	Variación Art.	Introdución	Modificació
	O	MODIFICADO		160 RD	prezos novos	
	ImpPres	ImpPres		1098/2001	Art. 242 Ley	
					9/2017	
	ImpPres	ImpPres		ImpPres	ImpPres	ImpPres
DEMOLICIONES Y TRABAJOS PREVIOS						
TOTAL CAPITULO 1	347.933,72	424.634,01	76.700,29	49.347,74	0,00	27.352,56
PAVIMENTACIÓN						
TOTAL CAPITULO 2	1.854.774,48	2.105.307,30	250.532,82	50.949,91	98.521,14	101.061,81
RETRANQUEO DRENAJE						
TOTAL CAPITULO 3	121.665,12	112.476,88	-9.188,24	-10.039,97	0,00	851,72
RETRANQUEO ILUMINACION						
TOTAL CAPITULO 4	182.433,52	135.353,04	-47.080,48	-49.087,95	0,00	2.007,47
SEÑALIZACIÓN Y SEMAFORIZACIÓN						
TOTAL CAPITULO 5	532.492,17	703.130,75	170.638,58	143.524,06	0,00	27.114,54
INTEGRACION URBANA. OBRA COMPLEMENTARIA						
TOTAL CAPITULO 6	649.965,62	806.460,00	156.494,38	102.706,02	24.295,15	29.493,19
VARIOS						
TOTAL CAPITULO 7	142.458,92	500,00	-141.958,92	-141.958,92	0,00	0,00
GESTIÓN DE RESIDUOS						
TOTAL CAPITULO 8	203.019,81	274.661,85	71.642,04	63.843,75	0,00	7.798,29
SEGURIDAD Y SALUD						
TOTAL CAPITULO 9	59.290,95	88.936,43	29.645,48	29.645,48	0,00	0,00
PRESUPUESTO EJECUCIÓN MATERIAL	4.094.034,31	4.651.460,26	557.425,95	238.930,10	122.816,29	195.679,57
GASTOS GENERALES 13%	532.224,46	604.689,83				
BENEFICIO INDUSTRIAL 6%	245.642,06	279.087,62				
PBL	4.871.900,83	5.535.237,71				
BAJA (31,012553045771600%)	-1.510.900,83	-1.716.618,53				
PRESUPUESTO DE CONTRATA (SIN I.V.A.)	3.361.000,00	3.818.619,18				
IVA IMPUTABLE	705.810,00	801.910,03				
IMPORTE LIQUIDO GLOBAL CONTRACTUAL	4.066.810,00	4.620.529,21				

En relación a inclusión de prezos novos fixados contraditoriamente sinalar que os mesmos se estableceron durante a execución da obra e non supuxeron incremento do prezo global do contrato e o importe a maiores que resulta dos mesmos deriva de variacións de medición.

	EM	%
Modificacións segundo o art. 15 das FEC	195.679,57	4,780
Variacións de Medición (artigo 242.4 da LCSP)	361.746,39	8,836
SUMA	557.425,96	13,616

En relación ás unidades de obra expostas anteriormente e recollidas no ámbito das modificacións contempladas no apartado 15 das FEC, indícase que a variación cualitativa e cuantitativa das mesmas en relación ao prezo do contrato, non supera as limitacións establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do Contrato, xa que no apartado 15 d das FEC, límites da modificación, sinala que a contía máxima da modificación non superará o 5% sobre o prezo do contrato.

Ademais, tendo en conta o artigo 160.2 do RD 10982001, recóllense no presente modificado, as variacións de medicións de certas unidades existentes no proxecto orixinal, que non igualan nin exceden, en máis ou menos o 10% do prezo de adxudicación do contrato, polo que, se da cumprimento ao artigo 242.4 da Lei 9/2017 del 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de Febreiro de 2014.”

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

I.- A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o de Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), establece na súa Disposición transitoria primeira que a normativa relativa aos efectos, cumprimento, extinción, modificación, duración e réxime de prórrogas, se aplicará a todos os contratos administrativos, salvo a aqueles adxudicados con anterioridade a entrada en vigor da Lei. No presente caso, segundo consta nos antecedentes, o contrato administrativo foi adxudicado con posterioridade á entrada en vigor da LCSP, o que determina que o réxime da súa modificación rexerese pola normativa vixente.

II.- O artigo 190 da LCSP establece que o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ao contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

Asemade, o artigo 203.2 da LCSP contempla que os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación solo poderán modificarse durante a súa vixencia, cando se de algún dos seguintes supostos:

- a) Cando así se teña previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204 da LCSP;



Concello de Vigo

b) Excepcionalmente cando sexa necesario realizar unha modificación que non está prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, sempre e cando se cumpran as condicións establecidas no artigo 205.

Polo tanto, a LCSP prevé dous supostos de modificación dos contratos (artigos 204 e 205 da LCSP). No primeiro caso regúlanse as modificacións previstas na documentación que rexe a licitación e no segundo as modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación.

III.- En relación coa posibilidade de modificación prevista no artigo 204 da LCSP , no apartado 15 das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas do contrato, aprobado pola Xunta de Goberno local en data 10 de xaneiro de 2018, establécese a posibilidade de modificación do mesmo nas seguintes circunstancias:

- Aspectos a modificar: as unidades de obra de demolicións e traballos previos, pavimentación, retranqueo drenaxe, retranqueo iluminación, sinalización e semaforización, integración urbana, obra civil complementaria.
- Circunstancias que determinan a modificación:
 - Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas, estado das estruturas e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto
 - Necesidades de adaptación ao contorno, no referente a servizos urbanos, deseño, esquema funcional ou seguridade vial, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade á data de aprobación do proxecto.

De conformidade co disposto no devandito artigo 204 LCSP e no Prego, as modificacións en ningún caso poderán superar o 5% do prezo inicial do contrato.

IV.- As especialidades procedimentais a seguir para a modificación dos contratos figuran reguladas con carácter xeral no artigo 207 da LCSP, figurando no artigo 242 do mesmo texto as especificacións propias das modificacións dos contratos de obra.

Tales requisitos son os seguintes:

1. Audiencia do redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes se tiveran preparado por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos para que, nun prazo non inferior a tres días, formulen as consideracións que considere convenientes (artigo 191, 207 e 242 da LCSP).
2. Informe da Asesoría Xurídica Municipal e fiscalización previa da Intervención Municipal (artigos 191 do LCSP e 102 do RLCAP)
3. Ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia nos casos de modificacións do contrato cando no estivesen previstas no prego de cláusulas administrativas e a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 % do prezo inicial do contrato, IVA excluído, e o seu prezo sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros ou cando se formule oposición por parte do contratista (artigo 191 da LCSP)

Os requisitos específicos para os contratos de obras previstos no artigo 242 da LCSP son:

1. Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, e non sexa necesario realizar unha nova licitación, os prezos aplicables ás mesmas serán fixados pola Administración, previa audiencia do contratista por prazo mínimo de tres días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que tivera fixado, executalas directamente ou optar pola resolución do contrato conforme ao artigo 211 da LCSP.
2. Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto, e se cumpran os requisitos que a tal efecto regula esta lei, recadará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que substanciárase coas seguintes actuacións:
 - a) Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.
 - b) Audiencia do contratista e do redactor do proxecto, por prazo mínimo de tres días.
 - c) Aprobación do expediente polo órgano de contratación así como dos gastos complementarios precisos.

Así mesmo, recadarase o informe de supervisión de proxectos no supostos previstos no artigo 235 da LCSP (136.3 do RLCAP).

V.- As modificacións do contrato serán obrigatorias para o contratista e deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 (artigo 204, 206 e 242.1 da LCSP). No caso de que a modificación supoña supresión ou redución de unidades de obra, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización algunha (art.242.1 da LCSP)

VI.- Deberase publicar en todo caso un anuncio de modificación no perfil do contratante do órgano de contratación, no prazo de 5 días desde a aprobación da mesma, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de tódolos informes que , no seu caso, recadaranse con carácter previo á aprobación, incluídos aqueles aportados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación (artigo 63.3 e 207.3 da LCSP).

Asemade, remitirase copia certificada ao Consello de Contas dentro dos tres meses seguintes á formalización, para o exercicio da función fiscalizadora, sempre que a contía do contrato exceda de 600.000 euros, tratándose de obras (artigo 335 da LCSP).

VII.- Revisado o expediente administrativo constan todos os requisitos legais preceptivos. Así:

1º.- Consta informe da Dirección Facultativa, reproducido nos antecedentes da presente proposta, xustificativo da necesidade da modificación, do seu interese público, e do



Concello de Vigo

cumprimento das esixencias dos artigos 203, 204 e 206 da LCSP así como do apartado 15 das FEC do PCAP reitor do contrato.

2º.- Consta autorización do Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 11.09.2019, en virtude do Decreto de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e Acordo de Delegación de Competencias da Xunta de Goberno Local nos Concelleiros Delegados de Área de data 20 de xuño de 2019, órgano de contratación conforme ó previsto na Disposición Adicional 2ª da .

3º.- Consta audiencia e conformidade polo redactor do proxecto en data 26.11.2019. (Trámites 373 e 374 do expediente dixital).

4º.- Consta o trámite de audiencia ao contratista sobre a modificación e os novos prezos e a conformidade deste, respecto á modificación e aos prezos das novas unidades de obra no proxecto modificado.(Trámites 372 e 378 do expediente dixital).

5º.- Consta informe favorable de supervisión do proxectos, emitido pola Enxeñeira Técnica de Obras Públicas Municipal de data 13.03.2020 (Trámite 451 do expediente dixital).

6º.- Recóllense no proxecto modificado, de acordo co establecido no artigo 160 do RD 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en adiante RXLCAP) de forma separada as variacións de medicións executadas de acordo ao artigo 242.4 i) da LCSP, así como a inclusión de prezos novos que no supoñen incremento do prezo global do contrato ni afectan a unidades de obra que no seu conxunto excedan do 3% do orzamento primitivo do mesmo (art.242.4.ii).

7º.- Non é preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia (artigo 191.3.b da LCSP).

8º.- Tal e como indica o informe da Dirección facultativa a modificación realizada en base ao artigo 204 da LCSP respecta o previsto no Prego de Cláusulas Administrativas.

9º.- Con carácter previo a súa aprobación polo órgano de contratación debe emitirse:

- Informe da Asesoría Xurídica Municipal
- Informe de Fiscalización da Intervención Xeral

10º.- Unha vez aprobado o mesmo:

- Debe ser formalizado.
- Debe reaxustarse a garantía definitiva ao producirse variación no prezo no prazo de 15 días dende a notificación do acordo de modificación (artigo 109.3 d LCSP).
- Deberá facerse pública a información da modificación (artigo 203.3 da LCSP e artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno)

VIII.- O PCAP establece na súa cláusula 24 que o prazo de execución poderá ser prorrogado por causa da modificación do contrato, non podendo exceder da metade do prazo inicial.

O proxecto modificado indica que para a execución actuacións proxectadas no proxecto modificado nº1 considerase necesario a ampliación do prazo en DOUS MESES.

IX.- Incidencia da declaración do estado de alarma. Durante a tramitación do expediente procedeuse á aprobación do RD 463/2020 (BOE de 14 de marzo de 2020), polo que se declara o estado de alarma, posteriormente modificado polo RD 465/2020, de 17 de marzo (BOE 18 de marzo de 2020).

Establece a Disposición Adicional Terceira do RD 463/2020, de 14 de marzo, a suspensión dos prazos administrativos. Prevéndose incluso que é precisa unha resolución motivada para adoptar medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo.

Á vista de que a actividade de construción non aparece identificada como actividade suspendida no anexo do Real decreto 463/2020 continuase coa execución de obras en diferentes contratos coa adopción das correspondentes medidas de prevención.

Neste caso considerase que o procedemento de modificación do contrato podería continuar aa súa a tramitación ao existir, de conformidade co apartado 3 da Disposición Adicional 3ª ,un interesado perfectamente individualizado no procedemento, que é o contratista adxudicatario do contrato e que presta a súa conformidade.

X.- Procede elevar, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a citada proposta á Xunta de de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda da LCSP a seguinte proposta de acordo:

1º.- Acordar a continuidade do procedemento ao existir, de conformidade co apartado 3 da Disposición Adicional 3ª ,un interesado perfectamente individualizado no procedemento, que é o contratista adxudicatario do contrato e que presta a súa conformidade e que se trata da execución dunha actividade non suspendida no anexo do RD 463/2020.

2º.- Aprobar o proxecto modificado nº 1 das obras de **"IMPLANTACIÓN DA VÍA CICLISTA ENTRE TEIS E SAMIL"** redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Jerónimo Centrón Castaños e polo Enxeñeiro Técnico en Topografía, D. Pablo Saavedra Salgueiro, cun importe adicional líquido de 553.719,21 €, supoñendo un 4,780 % de modificación sobre o prezo de adxudicación por causas xustificadas contempladas no apartado 15 das FEC e un 8,836 % por variacións de medicións (artigo 242.4. da LCSP).

3º.- Autorizar a ampliación do prazo da obra en 2 meses.

4º.- Autorizar o gasto con cargo á partida orzamentaria 1532.609.0002, a cal conta con crédito adecuado e suficiente.

5º.- Proceder ao reaxuste da garantía definitiva con carácter previo á formalización do contrato.



Concello de Vigo

6º.- Instar á mercantil *SA DE OBRAS Y SERVICIOS COPASA* adxudicataria do contrato de obra, á formalización do modificado do mesmo nos termos do artigo 153 da LCSP, debendo acreditarse con carácter previo á formalización o reaxuste da garantía nos termos do apartado anterior. As obras afectadas pola modificación non poderán iniciarse mentres non se formalice o contrato modificado.

7º.- Unha vez formalizada a modificación do contrato, instar ao contratista á reanudación das obras no prazo máximo de 10 días hábiles, a contar dende á formalización da modificación.

8º.- Remitir ao Consello de Contas a modificación do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- Nomeamento interino de catro auxiliares de administración xeral, baixo a modalidade prevista no artigo 10.1 d) do RDL 5/2015, de 30 de outubro, para o Servizo de Benestar Social. Expte.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

14(224).- NOMEAMENTO INTERINO DE CATRO AUXILIARES DE ADMINISTRACIÓN XERAL, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ARTIGO 10.1 D) DO RDL 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, PARA O SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 2/04/2020, dáse conta do informe-proposta de data 1/04/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Con data de sinatura electrónica, o Xefe da Área de Benestar Social coa conformidade da Concelleira delegada de Política Social, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de catro auxiliares de administración xeral, xustificada na situación derivada da pandemia do COVID-19, que causou un enorme impacto nas persoas máis vulnerables e para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

II.- En resposta a esta petición, a tenente de alcalde e concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, mediante instrución de servizo de data de sinatura electrónica, e considerando indispensable no contexto referido da situación de crise sanitaria e posterior declaración do estado de alarma, o apoio aos Servizos Sociais que permita garantir o normal funcionamento da Área de Benestar Social; solicitou á área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade a atender á solicitude de persoal formulada, incorporando aos efectivos coa categoría profesional indicada, na modalidade que legalmente resulte oportuna.

III.- Con data de sinatura electrónica, no expte 35381-220, emítese polo técnico de Organización e Planificación de RR.HH., informe técnico que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer. O informe referido consta anexado ao expte 35620/220, ao coincidir a cuantificación económica do gasto polo nomeamento interino de catro auxiliares de administración xeral.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.



Concello de Vigo

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

*(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º**) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Excepcionalidade da suspensión de prazos. DA 3º RD 463/2020.

Conforme ao disposto no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, como consecuencia da situación de crise sanitaria e posterior declaración do estado de alarma, como regra xeral se suspenden a totalidade dos trámites e se interrompen os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público.

Con todo, a suspensión, no ámbito municipal, pode excepcionarse, tal e como recolle a Disposición Adicional Terceira do RD 463/2020, na redacción dada ao seu apartado cuarto polo RD 465/2020, nos seguintes supostos:

2.1. Medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que éste manifieste a súa conformidade

2.2. Cando o interesado manifieste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo

2.3. Continuación daqueles procedementos administrativos referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma,

2.4. Continuación daqueles procedementos administrativos indispensables para a protección de interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.

No caso que nos ocupa, estamos ante a excepción contemplada no apartado catro anteriormente referenciado, sendo necesario para a protección do interese xeral a necesidade de incorporar persoal interino asignado a funcións no ámbito dos servizos sociais, polo que procede a continuación do procedemento administrativo de nomeamento interino de catro auxiliares de administración xeral baixo a modalidade prevista no artigo 10.1 d) do RDL 5/2015, de 30 de outubro (expte 35620-220)

III.- Nomeamento de funcionarios interinos:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de



Concello de Vigo

funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o remate do programa temporal, o 31 de decembro de 2020.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód.138-auxiliares de administración xeral), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financiera.

É preciso lembrar o informado no expediente 33833-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2020) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estos efectos "Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de

tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas.”

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de data de sinatura electrónica do Xefe da Área de Benestar Social coa conformidade da Concelleira delegada de Política Social, manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de catro auxiliares de administración xeral, xustificada na situación derivada da pandemia do COVID-19, que causou un enorme impacto nas persoas máis vulnerables e para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas; así coma na instrución da tenente de alcalde e concelleira delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal de data 18 de marzo de 2021 de abril de 2020, no que se ordena o inicio do expediente para garantir o normal funcionamento do servizo de Benestar, ante a situación de Estado de alarma decretado polo Consello de Ministros no RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionado polo COVID-19; resulta necesario a incorporación de catro auxiliares de administración xeral por acumulación de tarefas .

Tendo en conta o anterior, así coma na instrución da tenente de alcalde e concelleira delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal de data 31 de xaneiro de 2020, no que se ordena o inicio do expediente; o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

V.- Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico emitido polo técnico de Organización e Planificación de RR.HH. que consta no expediente e ao cal nos remitimos na súa integridade para evitar reiteracións innecesarias, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses de



Concello de Vigo

catro auxiliares de administración xeral para o Servizo de Benestar Social, supón un gasto de **48.385,64 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **15.337,52 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

Igualmente se fai constar que : *“O custo dos referidos nomeamentos imputaranse a aplicación orzamentaria 92001400000 do orzamento do exercicio 2020, no que respecta a retribucións e a aplicación orzamentaria 920.0.1600099 no que respecta aos custes da seguridade social.”*

VI. - Verificación das listas de reserva.

Segundo consta no Informe de verificación obrante no expediente:

*“Que verificadas as listaxe indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Auxiliares Admón. Xeral por acumulación de tarefas a D. J.L. Vázquez Castro, con dni ***7374**, D. I. Fernández García, con dni ***8007**, D^a. C. González Blas, con dni ***7128**, D^a. B. González Eiriz, con dni ***5386**,, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”*

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente, mediante escritos que constan anexados ao expediente, optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VII. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da área de Recursos Humanos e Formación e da tenente de alcalde e concelleira-delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por decretos da Alcaldía de 18/06/2019 e 26/06/2019, e acordos da XGL de 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Acordar a continuación da tramitación do presente procedemento administrativo de nomeamento interino de catro auxiliares de administración xeral (expte 35620-220), ao abeiro do establecido na Disposición adicional terceira do Rd 463/2020, de 14 de marzo,

polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Decreto 465/2020, ao ter por obxecto a causa de interese xeral concretada na necesidade urxente de incorporación de persoal interino asignado a funcións no ámbito dos servizos sociais.

SEGUNDO.- Declarar a urxencia no nomeamento de catro funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **auxiliares de administración xeral**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, finalizando a relación de servizo, transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades do **Servizo de Benestar Social**. En consecuencia, autorizar o gasto por importe de **48.385,64 €**, xunto coa cantidade de **15.337,52 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa. Elo con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte as retribucións dos referidos nomeamentos e a aplicación orzamentaria 920.0.1600099 no que respecta aos custes da seguridade social.

TERCEIRO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como auxiliares de administración xeral a *D. J.L. Vázquez Castro*, con dni ****7374***, *D. I. Fernández García*, con dni ****8007***, *D^a. C. González Blas*, con dni ****7128***, *D^a. B. González Eiriz*, con dni ****5386***, na súa condición de seguintes aspirantes nas listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

CUARTO: Dispoñer que os referidos nomeamento faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 138-auxiliares de administración xeral), sendo adscritos/as ao Servizo de Benestar Social, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

QUINTO: Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

SEXTO: Notificar o presente acordo ós/ás aspirantes nomeados/as, ao Xefe de Área de Benestar Social, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da área de Recursos Humanos e Formación, Inspección de Persoal e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto



Concello de Vigo

administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(225).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove e vinte cinco minutos. Como secretaria dou fé.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez